

Notas etno-lingüísticas de Toba (Cee)

SUSANA LÓPEZ FACAL

O presente traballo consta de distintas partes. A primeira é un Limiar, onde se fala de algunhas xeneralidades de Toba (situación, lindes, habitantes, medios de vida...) e se dá unha breve referencia ó aspecto lingüístico da zona. Se non se fala nada dos informadores, é pola imposibilidade de os delimitar, xa que, as máis das veces (bardantes do que se refire, poño por caso, ó carro e arado, ou ó *muño*, *cabeseira*, paredes..., en que foron preguntados respectivamente algún carpinteiro e algún canteiro), a información foi recollida nas *rogas* (obreiradas de xente que se axuntan pra se axudar nos traballos da sementeira ou recolleita do froito), ou en conversacións ailladas sostidas con distintas persoas.

Ven logo un estudio da casa, dos distintos tipos de casa, de cómo foi evolucionando dende primeiros do século XIX (casa terreña, con poucas luces, cunha soia porta pra persoas e gando), hastra a que se construe a partir dos anos 60, da que non se atopa un tipo definido, coas cortes aparte, etc.

Despóis fálase do *arrueiro*, do porco, galiñas, gando, aparellos da labranza, o carro, o *muño*, a fariña e o pan, cos labores do campo: o sementeiro do trigo, a milleira e as patacas.

En todos estes apartados, a máis de recollé-las verbas que gardan relación co asunto tratado en cada caso (os nomes das distintas cousas ou labores van en versalitas, por seren propios da fala de Toba), espónse o orden e a maneira que teñen as xentes de facer cada cousa, referindo tamén, cando é do caso, o xeito que tiñan pra facer estes mesmos labores "os vellos de algún día", lembrados polos que informan.

Atópanse intercalados unha serie de dibuxos (as paredes, o forno, a *cabeseira*, o arado de pau, o *muño*, o carro) que levan postos os nomes das distintas partes de que constan, axudando á comprensión do que vai esposto, sobre todo no caso dos dous derradeiros, por seren os máis complexos.

A parte seguinte trata do corpo do home, os nomes que reciben as diferentes partes do corpo, e as particularidades, defectos físicos e doenzas relacionadas con cada unha delas. Refírense tamén, ás veces, os remedios caseños que se conocen pra algún mal.

No apartado da flora, a carón de cada unha das palabras, ou das máis delas, vai o nome latino e a referencia que fai en cada caso o P. MERINO no seu libro: *Flora descriptiva e ilustrada*, tomos I, II, III. Nalgúns casos, que non poido ser localizada esta referencia, e que se desconoce o nome castelán (entre os que se atopan moitas plantas con uso astrinxente), descríbense simplemente polas características exteriores.

Rematando o estudio vai o vocabulario final no que se glosan moitas das palabras aparecidas no testo (agora explicadas nas distintas acepcións que

poden ofrecer), con outras moitas, características da fala de Toba, seguidas do seu equivalente castelán. As palabras en cursiva (*bardantes, comasi, po-xados, requesta, xabucar...*), son de uso moi común en toda a parroquia e non están rexistradas en ningún dos dicionarios galegos. Rexistradas entre paréntesis (ALMAIO), (ALBOIO), (MAROUSAL), (PIEITAR), van as que, se non están perdidas, teñen moi pouco uso, polo menos por parte da xente nova, da que se pode decir, en moitos casos, que nin siquiera as coñece. O resto das palabras, de uso máis ou menos común, son coñecidas por todos.

T O B A

A parroquia de Toba, perto de Fisterra, pertence ó Concello de Cee. Dista 95 kilómetros da Cruña, e comprende os lugares de: Basarra, Casa do Camiño (antes Bedán de Baixo), Crabalisa, Estorde, Guimaréu, Laxes, Río, Sembra, Toba de Riba, Toba de Baixo e Vilar de Toba (antes Vilar de Armental). Figura con 136 veciños e 785 habitantes. Ten unha superficie de 605 Km², dos cales sóo unha sesta parte está adicada ó cultivo; o resto son piñeirales ou montes con pedras e toxos.

Bardantes de Sembra e Crabalisa, os outros lugares están nun val longo que vai do norte ó vendaval. Facéndolle abrigo pola travesía, a todo o longo do val, corren os montes de Toba, dende o outeiro de Foxomáu, polo Norde, hastra o Casal da moura, polo vendaval. Parece coma se foran o espiñazo da parroquia, pois divídena en dúas partes: Os de riba da costa (Sembra e Crabalisa), e os da costa abaixo. No medio dese monte está a Pedra das sete Grixas, de 302 metros de cota, de onde se vían sete igrexas antes de haber tantos piñeiros.

Polo Sur e Sueste, e servindo de marco entre as parroquias de Toba, Cee e Corcubión, está o monte de Estorde, que se estende hastra o alto de S. Andrés ou Penas do Son (con 207 metros), seguido do Monte da Redondiña, que remata na Pontella do Bao dos Cabalos.

Por estar á beiramar non ten ríos de importancia; trátase máis ben de regos, entre os que atopamos: o río da Lagarteira, que lle serve de estrema coa parroquia de Cee, dende a Pontella de Tentibén, pasando pola Ponte Carballa, hastra chegar á de Pallares. O río da Crabalisa que nace no prado Salgueiro e métese axiña na parroquia de Lires. O de Estorde, nace en Guimaréu e vai morrer á Ribeira. E o de Toba, con feitura de forca, da que unha pola nace en Dornas (Toba de Riba) e a outra nos Lagos (Vilar de Toba); xúntanse nos Muños, e despóis de corto recorrido morre na ría de Cee.

Ten tamén un cachiño de costa cunha praia moi limpa, A Area de Estorde (con auga potable na Fonte da Ballota), seguida polas pedras da Sartaña hastra a boleira de Amarela.

A relixión dos parroquianos xira arredor de dúas datas no ano: o día do Patrón, S. Adrián, que se celebra o 16 do mes de S. Xoán, e o día 2 de S. Martiño, en que todo o mundo acode a Igrexa rezar polos seus difuntos.

O ensino está atendido por tres mestres, cunha escola prós lugares de riba da costa (Sembra e Crabalisa), outra pra Estorde e Guimaréu, e a

outra, en Basarra, prós lugares de baixo; a derradeira cunha matrícula de noventa e tantos rapaces. Os edificios, propiedade do Concello, están (sobre todo os dous primeiros) moi descoidados.

O modo de vivir cambiou moito: no falar, no vestir, no traballar... e hastra na maneira de ser enterrado cando un morre. Sóio diréi que os traballos do campo facíanse antes cas mans ou con *aprechos* moi primitivos; de pouco tempo a esta parte hai oito tractores na parroquia.

Os piñeiros cortábanse con machado e tronzador e despois serrábanse con serras de aire ou portuguesas. Hoxe hai motoserras que arrumaron os antigos *fragüeiros*.

Antes os homes adicábanse, os máis deles, ós traballos do campo. Había na parroquia algún carpinteiro, ferreiro, *choedores*..., e todos sabían facé-lo necesario: zocos, cestos, retellar, *aprechos* da labranza... Algún iba traballar á Vila: ós almacéns, ó carbón, ou á Fábrica de Carbuos. Moitos emigraban.

Hoxe traballan algúns no campo, moitos na fábrica, en portuarios, nos aserradeiros, na construción, de conductores... E siguen emigrando.

As mulleres tiñan antes os traballos todos da casa e axudaban ós homes nos do campo, amáis de ir co gando, apañá-la herba, e facer todos eses labores que chaman *rabechadas* e que son tan esgotadores. Había algunha costureira, *teselana*, fiadora, *panilleira*... pro en pequena cantidade. Hoxe son elas as que, ademáis de todo isto, teñen que cargar coa maioría dos traballos agrícolas, se non queren que as leiras queden *a vaco*. Sementan o trigo, o centeo, o millo e as patacas; botan tamén algo de horta con *rabizas* e *repolos* que venden na vila, a onde baixan todolos días co leite prás *sia-reiras*. Tamén emigran tanto ou máis cós homes.

No falar é notable a influencia dos emigrantes, primeiro a Arxentina (*morochos* e *caminar* con outras moitas verbas de uso moi vivo en toda a comarca), e agora ós distintos puntos de Europa. As fórmulas de cortesía que tiñan os vellos: *Alabado sea Dios, ¿quién está nesta casa?, ¿pódese entrar?, daráslle alá as miñas mamorias, Dios llo pague, Dios llo aumente, que lle preste, saludiña e sorte*, con outros moitos ditos, van desaparecendo. Hoxe xa se sinten ás veces os "gu nait", "bon xur"..., que se aprenderon "nas novas Américas que hai polo mundo".

NO ASPECTO LINGÜÍSTICO cabe destacar que os fenómenos de "seseo" e "geada" son intensos e totales, como di Zamora Vicente referíndose á comarca de Fisterra. Polo tanto hai que ter en conta que aínda que no vocabulario final, ou en verbas ceibas polo testo, se respete o *g-* (inicial ou medio), equivale sempre ó sonido [x].

No caso de que ó *g* preceda un *n*, entón convírtese sempre en *C* [k]: *concrio, sancre, nincún, companco*...

O sufixo latino *-ANU*, resólvese en *-án*: *irmán, mán*...

O plural dos nomes rematados en *-n*, fórmase engadíndolles un *-s*: *corazóns, irmáns*.

O infinitivo conxugado ten un uso moi vivo.


Chama a atención a terminación en *-n* na primeira persoa de singular do Pretérito Perfecto de tódolos verbos: *cantén, marchén, chején*... E na

primeira persoa do Presente de Indicativo do verbo *saber* (*eu sen*) e do verbo *dar* (*eu don*).

A C A S A

As casas de labranza agrúpanse en lugares ou aldeas situadas á veira dos montes. O eixe maior esténdese de Norte a Sur; o fronte da casa dá ó Leste.

Pra botá-los SIAMENTOS \curvearrowright SIMENTOS da casa, cávase un rego fondo e ancho hastra atopá-lo FIRME, que pode ser LAXE (pedra grande e dura), XARÁS (barro duro), ou TOSCA (pedra blanda). Colócanse logo as SAPATAS, pedras grandes rectangulares, sobre as que se erguen as PAREDES, que poden ser de CACHOTES (pedras grandes unidas con barro), REBOS (pedra máis pequena), ou CANTERÍA (pedras traballadas a pico). As derradeiras xeralmente sóio prás esquinas e luces.




As fachadas cortas, sin luces cáseque sempre, chámanse PENAL, PICHÓN ou PINCHÓN. A principal é o FRENTE DA CASA e a oposta a ela TRAS DA CASA.

Podemos distinguir hastra catro tipos distintos de casa: A de principios do século pasado, toda de mampostería, mesmo os tabiques interiores, MEDIANILES. Quedan moi poucas e as que se atopan están bastante reformadas. Recórdana perfectamente tódolos labradores de 50 anos pra diante. Son de forma rectangular, orientadas como dixen antes, de N. a S., co fronte da casa ó L., de paredes exteriores moi anchas, con LASENAS na parte superior,

prás abellas. A porta é enteiriza, cun furado nun extremo á altura da mán; fechábase —ATRANCAR A PORTA— cunha TRANCA de madeira por dentro. A pedra na que se pisa ó entrar é a SOLEIRA DA PORTA. As xambas están formadas por distintas pezas: primeiro vai unha vertical o TRANQUEIRO, por riba del a AJULLA, horizontal, que leva pola banda de dentro o PAREXO, das mesmas dimensións cá agulla (vid. dibuxo). Despois colócase outro tranqueiro, e así sucesivamente hastra alcanzá-la altura desexada. *Matando a esquina* da agulla, colócase unha pedra grande, o TRASCANTO; o resto da parede énchese con REBOS e CACHOTES. Por riba da porta pónse, pola banda de fora, unha pedra, de dintel: a CUBRISIÓN, que leva por dentro outra: o COPEALSO.

Abaixo está, cáseque sempre á mán esquerda, a CUSIÑA, a dependencia máis importante da casa. Non ten CHEMINEA, e vai separada do resto da vivenda por un muro corrido. O FUME ↪ FUMO sae polas LUMIEIRAS, furados feitos no teito, que sirven ó mesmo tempo pra dar un pouco de luz, xa que no caso de que tiveran ventán, era moi pequena e estreita. O máis importante da cociña é a LAREIRA, que se ergue do chán cunha altura aproximada de 15 ou 20 cms. Vai pegada á parede e está feita de lousas con cachotes e rebos. No medio dela había un soporte de madeira: o BURRO, do que colgaba unha cadea, a JARAMALLEIRA ou JRAMALLEIRA, que sostiña a CALDEIRA onde se quentaba a auga pra *acomedar o gando*. A *perfia* de madeira de rabo longo coa que se quita a auga da caldeira, chámase BIQLO. A parede por onde sobe o fume é a PARRUMEIRA.

Indistintamente á dereita ou esquerda da lareira, vai o FQRNO, no que se distinguen varias partes: o SOJO ou SOIAMENTO, chan do forno; as pedras de arredor, UCHEIRAS, e unha pedra que sobresa un pouco á altura do *sojo* que se chama o ROJASO DO FORNO. O espacio que queda debaixo do forno é a BORRALLEIRA onde está *amontoada* a BORRALLA. Cando o sóio vai gastado, hai que ASOJAR o forno, botarlle un *sojo* novo.



Os APRECHOS do forno son:

o SOSCADUIRO, pau pra *escalar no lume*,

o RODO ou TRULLO, pra sacá-las brasas,

a PÁ, pra botar e sacá-lo pan,

a FQRCADEA, pra botá-la leña dentro,

o BARREDUIRO, pau con *froios* atados na punta pra barré-lo forno.

Pra faceren o XANTAR tiñan distintas *perfias*:

De ferro: o POTE, a TIXOLA e a POTA (cilíndrica, con tres pés).

De barro: o ASADO —pucheiro alto con dúas asas, pró leite—, a CASOLA —redonda e ancha—, a CHOCOLATEIRA —pra gardá-la manteiga e facer

un chocolate—, o PUCHEIRO —perfia pequena onde se facía un caldo especial pra un enfermo—, o XERRO —pró viño—.

De lata: a CANADA, cunha asa e un PICO; empregábase pra muxí-las vacas.

Había poucos TELLOS (cast. “tapaderas”) de barro. As perfias grandes tapábanse con *tellos* de lata que se encargaban ó *forrancheiro* e se eran pequenas (as chocolateiras, os pucheiros), con cunchas de vieira.

As OLAS e TARTEIRAS son de aparición posterior; colócanse enriba das TREPIAS pra cociñar.

A auga gardábase nas SENLLAS; pra sacala había unha perfia parecida ó BIQLO, pro máis pequena: a FERRADA.

Na cociña hai ademáis a ARTESA, especie de BASÍA con catro patas, pra amasá-lo pan, e tamén pra gardalo, co leite, fariña, etc. Ten un caixón inferior onde se garda o *relón* pra lles botar ás vacas no *balde*. Perto da artesa está a MESA DE ALSAR, e pra se sentar a xente había: TABULETES —sillas altas e mui pesadas—, CADEIRAS —especie de *trepías* de carballo— e TALLOS —os bancos.

As LASENAS podían ser empotradas ou pegadas á parede; as derradeiras de madeira. Nelas gárdanse os pratos e pratos fondos, as CULLERES, a CULLER DO CALDO (cast. “cucharón”), a VIRANDEIRA (cast. “espumadera”), os CUITELOS, CUNCAS, e tamén os CRIBOS, PENEIRAS e BARUTOS do pan. As cuncas eran primeiro de madeira de freixo e despóis de barro; chamábanse CUNCAS de OLEIRO porque as traían os que facían as olas. Posteriores son as CATALANAS, de arxila forte e de color encarnado; e por último as TASAS BLANCAS, ás que raras veces se lles chama cuncas.

Hai dentro da mesma cociña unha dependencia apartada: o INLLAR, no que se gardan a leña e os *aprechos* do forno. Enriba do *inllar* estaban os POLEIROS, e dentro os CAPOEIROS COS NIÑOS prás galiñas. Nunha esquina da cociña poñían a MOA PRÓ MILLO.

O SOBRADO é a peza que sufríu máis modificacións. Na casa de primeiros do século XIX consistía nun cuarto corrido coas camas dispostas arredor. A el chegábase por 6 ou 7 escaleiras de pedra (eran casas moi baixas). As ventáns eran polo xeral moi pequenas; o oco chámase PIAL DA VENTÁN.

As familias con máis cartos tiñan un cuarto independente destinado ós patróns. A TARIMA era unha cama pequena de táboas, en forma de caixón, onde dormía polo xeral o criado da casa, no inllar da cociña. As camas probes consistían en dous CABALETES antre os que se estendían unhas táboas, por riba das que iba o XARJÓN, que podía ser de palla de trigo, máis *dondo*, ou de *casula de millo*. As mantas podían ser de LÁN ou de TRAJOS que *tecían* (e aínda tecen) as TESELANAS, COS NOBELOS que se mandaban da casa. Os máis ricos tiñan tamén CABESAL (cast. “almohada”) e SABAS. O borde da cama é a RILLEIRA DA CAMA.

Posteriormente as casas medraron no sentido do eixe maior (últimos do XIX, primeiros do XX), ou en ángulo. Son máis altas cá anterior e a escaleira é xa de madeira. A cociña consérvase case igual. Aparece a CHEMINEA coa CAMBOTA (cast. “campana”) apoiada en PORPIAÑOS —columnas de madeira ou lousas grandes de pedra—. O SOBRADO está máis dividido, e faise un cuarto enriba da cociña: O CUARTO DA CHEMINEA.

A forma máis habitual da casa de hoxe (edificada entre 1920 e 1950), é a rectangular, con dúas plantas. A planta baixa repártese aproximadamente na proporción de 1/3 pra cociña e despensa, e 2/3 pra CORTE das vacas. Polo fronte da casa vese unha ventá, que corresponde á cociña; o antepeito desta ventá fai de VERTEDEIRO. Ten dúas portas exteriores: unha pra corte e outra, máis grande, que dá ó CORREDORE, no que hai un banco de madeira, onde se deixa o *feixe* da verdura, *rellos*, cestos, etc. Clavada na parede hai unha cinta de madeira, a ESPETEIRA, pra colocá-los fouciños, *cuitelo da verdura*, pedra de afiar, etc. Á mán esquerda deste corredor está case sempre a CUSIÑA, e á dereita, a CORTE. Está moi estendida a cociña de ferro, nun porcentaxe, calculo, do 95 ou 97%.

Consérvase a lareira, de proporcións máis reducidas, e con uso cáseque esclusivo pra comida do gando. Abandonóuse a CALDEIRA polo POTE, que non precisa xa nin JRAMALLEIRA nin BURRO. En tódalas cociñas hai un MESADO, especie de "chinero" pra gardá-la louza de cotío e as perfias da cociña.

O SOBRADO consta dunha dependencia principal, a SALA, arredor da que se sitúan os *cuartos*, que reciben os nomes pola situación: CUARTO DE ADIANTE, DE ATRÁS, DA CHEMINEA, DAS ESCALEIRAS... As táboas do piso poden estar colocadas Á XUNTA, cando van pegadas, ou ACANTILADAS (metidas unha na outra, "machihembradas"). O moblaxe é o habitual de calquera casa; cabe destacá-las ARCAS, pra gardar roupa ou froito, e os BERSES pra deitá-los nenos. Do sobrado soben unhas escaleiras que van ó FAIADO da casa, onde se gardan os trastos vellos e, moitas veces, o froito: patacas, centeo, fabas...

A PORTA, de se fechar cunha TRANCA, pasóu á CLAVILLA, pola banda de dentro, que se abría dende fora co TARABELO ou TARABELA (dous paus cruzados que viraban con ela), despois ó FERROLLO (pasador de ferro), e por último ó *fecho* da chave.

Na conxunta das portas e ventáns distínguense: o POLRÓN, que vai metido na parede, e a parte de fora, que pode ser CRUSETA, PALMELA ou ESCUADRA, dependendo da forma.

Pra alumar, o primeiro que se conocéu foi a LUS DE SAÍN, de aceite de sardiña, substituída despois polos candiles de gas e de aceite, e máis tarde polos de carburo.


A viga central do TEITO chámase CUME; cando é moi longa, vai sostida por varios madeiros cruzados: as TIXEIRAS. Paralelas ó cume van os COSTEIROS. LIMAS son as vigas que partindo dos extremos do cume (vid. dibuxo), van hastra os ángulos do edificio. As táboas nas que se apoia a tella (TELLA DO PAÍS), chámanse RIPAS. Se as tellas son planas chámanse LISTÓNS, e van moito máis separadas cás ripas. Os CANCOS van do cume ós costeiros; poden ser *redondos*, *aserrados á mitá*, ou *de tres fíos*. Por riba deles van colocadas as ripas. Os PUNTÓNS son máis fortes cós cancos, porque van colocados no piso e aguantan de máis peso; se son aserrados polos catro costados, chámanse AFALDONADOS (tamén as vigas poden ser AFALDONADAS), e van nos sitios visíbles da casa.

Por baixo da tella colócanse unhas pedras planas: TOPETES, pra evitar que entre a auga da chuvia na casa. As tellas colócanse unhas encaixadas nas outras; as que van por riba, son os CUMES, e as de abaixo CANALES. As que salen do topete forman o VEIRADO.

O **TEITO** pode ser: DE UNHA AJUA, DE DUAS AJUAS, DE AJUAS DE MUÑO —unha máis corta ca outra— ou **TEITO DE RODA** —de catro vertentes— (vid. dibuxo).

Dise do teito que **FAI PANDA**, cando se mete un pouco pra dentro, e no caso contrario, que **FAI LOMBO**.

A casa que empeza a construírse polos anos 60 é xa totalmente distinta, coas cortes fora e coa distribución das dependencias moi variable.




O ARRUEIRO

As casas teñen xeralmente cadansúa **CAÑEIRA** ~ **CURRO** por diante, especie de patio rodeado dunha parede de pedra, feita moitas veces de lousas grandes de cantería, ou de rebos e cachotes, cunha ou dúas **CANSELAS** ~ **CANSELOS** de madeira ou ferro. O chan da **cañeira** éstrase con **mato**, pra facer esterco, cunha capa de **BALUMADA** ~ **BALUME** por riba. Por ela andan ceibos porcos e galiñas, pra que non vaian á agra, e céibanse tamén os cuchos cando se lles estra a corte. Arredor da **cañeira** están as distintas cortes ou **cochos** do gando miúdo, o galiñeiro e o **CABANEL** (cast. "alpendre"), onde se gardan carros, arado, leña, moa de afiar, herba, palla, etc.

Perto da casa, está a **CABESEIRA**, construción destinada a gardá-lo millo. Ten a forma dun rectángulo longo, feito todo de pedra, erguido sobre **pés** (pilares de pedra de forma troncocónica). A pedra que vai de pé a pé, chá-

A CABESEIRA



mase xujo, substituído ás veces polas SAPATAS (vid. dibuxo), riba das que se erguen os pés. Por riba dos pés vai unha pedra semicircular moi traballada, a CAPA OU TORNARRATOS. Entre capa e capa vai a PONTE, a primeira pedra e a máis longa, que sostén do TREMEÑADO. O armazón da cabeseira, formado polo tremiñado e os pés, chámasele JRADE. Por riba das pontes van ás veces outras pedras das mesmas dimensións: SOBREPONTES, sobre as que se erguen xa as DOELAS \curvearrowright DOVELAS, tamén rectangulares pro máis pequenas, de xeito que queden sempre ante elas uns espazos, os VENTOS, pra que poida secar ben o millo e ó mesmo tempo non poidan entrá-los ratos. As unións das doelas forman unha especie de columnas chamadas PATÓNS. Os espazos triangulares, sin ventos, das fachadas cortas da cabeseira (vid. dibuxo), chámase SOBREPENAS. A viga que abraza a cabeseira por riba é a TRABE. O teito, de tella do país, a dúas augas, vai rematado nun extremo cunha cruz, e no outro cun LAMPIÓN, colocados enriba do SEPO OU BASE.

Independente da cabeseira, está a EIRA que se emprega prá malla do trigo, do centeo e dos *jabansos*, e tamén pra ter a ASOLLAR o gran. Pode estar feita de lousas de pedra, ou de barro pisado, rodeada dunha parede de cachotes. Pra preparala prá malla, límpase de herbas, e EMBÓUTASE con BOSTA de vaca. Dise da eira (como tamén do muño), que está ADIADA, cando está repartida por días ante as familias do lugar.

Ó conxunto de casa, cañeira, cabanel, cabeseira, eira e horta pequena, chámasele ARRUEIRO.

O P O R C O

O porco críase cáseque sempre na casa, e ten unha importancia fundamental na vida de labranza. Mátanse dous no ano, un grande polos meses de S. Martiño, Nadal ou Xaneiro, e outro máis cativo arredor da festa (no mes de S. Xoan).

Cando a porca pare, dormen con ela dúas ou tres noites, hastra ver se coida ben ós BACURIÑOS. Se veñen moitos dunha camada e non poden mamar ben todos nas POXAS, críanse algúns con biberón. Máis adiante fáiselles xa un COSIMENTIÑO con verdura moi picada e fariña de millo. Lévaselle ó *cocho* nun caldeiro i embórcase na PIA ou PIOTE, as máis das veces de pedra. O COCHO dos porcos está separado do das vacas e *cuchos*; é máis ben baixo, de *medianiles* de madeira; aprovéitase por riba pra poñer cestos, sachos, *rellos*, etc.

Cando van medrando pasan de ser BACURIÑOS OU PORCOS DO LEITE a PORCOS DO CAMPO OU CAMPEIROS. Dos dous meses pra diante, cápanse todos; algunhas casas deixan un PORCO COLLUDO, sin capar, destinado á cubrición. Cando as porcas están na RAXEIRA, dise que hai que ARRIMALAS OU LEVALAS ó PORCO.

Lévaselles o COSIMENTO tres ou catro veces por día. Cando chega o tempo de *apurá-lo porco prá seba*, despois da *recolleita*, dásele-lo REFUJO do millo e PAPADA (fariña en auga quente cun pouco de verdura picada). Andan *ceibos* pola *cañeira*, senón, de estar moito tempo no cocho, pónense ENTANCADOS ou VARADOS das pernas. Na cañeira andan a BULAR co *fusiño* e pra evitalo colócanlles uns alambres mesmo no bico.

Pódenos atacar distintas enfermidades: as BOXIJAS —*bochas* que se lles estenden por todo o corpo—, o JRIPO —*JRIPE* —'glosopeda': feridas na boca e *lañaduras* nos pés—, a RAÑOLA —considerada tamén como enfermidade, é un *derremuño* de pelos que teñen algúns porcos debaixo do rabo; dise que nunca poden chegar a bós con tal tacha.

Hai dúas voces pra chamalos: ¡QUINO! e ¡CORIÑO! Pra botalos fora bérraselles ¡CACHIQUI!, se están perto, e ¡Ó CACHE!, se están lonxe, apurrándolles ou non ó can.

Cando *alborexa o día* por S. Martiño ou Nadal ("ten que estar a marea subida, porque cando a marea enche, medra o tousiño"), chega o intre da MORTE DO PORCO (que é como lle chaman á matanza). Métese dous homes no cocho, amárranlle un relló a unha pata traseira (PERNIL), sácanlo pra fóra e déitanlo no BANCO DE MATAR O PORCO. Métenlle na boca unha pataca, pedra, pina ou cebola, pra que nona poda fechar. Clávaselle o coitelo por baixo da pata esquerda. Unha muller está a pé del cunha perfia cun pouco de auga e sal no fondo, na que vai caendo o SANCHE, ó tempo que ela o vai MESENDO ca mán pra que non se fagan CALLÓNS. Lévalo despois prá cociña onde se cola, e queda así hastra a tarde, en espera de facer as MORSILLAS. Repártense as copas de augardente, anís ou coñac que participaron na matanza.

Dous homes quedan pra *chamuscá-lo porco*, con *fieitas* e palla, polos dous lados. Unha vez chamuscado, ráscase con coitelos. Despois ÁBRESE EN CANAL, de arriba-abaxo. Dáselle un corte en crús na JORXA (primeiro hori-

zontal). Sácaselle todo o de dentro, principiando polos **CHOFLES** ↖ **LIVIÁNS** ↖ **BAILANTES** OU **ALEJRIÁS**, e o **CORASÓN**; cólgano todo pra que se desangre. Despois sácanlle as tripas pra unha **BASÍA** que ten follas de loureiro no fondo; coas gordas fanse **MORSILLAS** e coas delgadas os **CHOURISOS**.

As **MORSILLAS** máis cobizadas son as que se fan coa **TRIPA ROSQUEIRA** (colon), e co **PAIOLO** (intestino cego). A **PAXARELA** (bazo) e o **FÍJADO** van pra outra perfia calquera. A **BOXIJA DO FEL** tírase ó can. A outra boxija, a dos ouriños, dáselles ós rapaces pra que a inflen e fagan dela unha pelota.

As tripas lévanse á cociña pra **DESVAELAS** ↖ **DEVAELAS**: sacárlle-las *graxas* e separalás; despois lávanse no río. A *graxa* das tripas coa das **CARNES MORTAS** (antre as costelas), a da **MANTILLA**, etc., derrétese pra facé-lo *pinque*.

Pártese o porco todo (non se curan nin xamóns nin carne ningunha) en anacos pequenos, despois de lle sacá-los untos, separando a carne dos osos DO **LOMBELO**, das **MANS DO PORCO** (as patas de diante), e dos **PERNILES** (as patas de atrás); non sendo a carne da **PÁ** (omóplato), que é a única que vai ó salador co oso. *Láñase* antes co coitelo pra que colla ben o sal. Os osos tamén se salgan, e vanse cocendo despois nos caldos, cun pouco de **UNTO**, **TOUSIÑO** e **TALLADA** (carne). Métense os anacos de carne nun *balde*, e alí lávanse frotando uns cos outros. Colócanse logo no **SALADORE** (hocóis de viño partidos polo medio), separados por capas de sal; na derradeira, que as cobre a todas, faise unha cruz grande, “pra que se conserve ben a carne”. Unha vez cheo o *saladore*, céibaselle por riba unha **ALLADA** (auga, sal e allos) pra que se faga **SALSA AXIÑA**. Se ás 24 horas non fixo salsa, pérdese o porco porque *non tomou o sal*. “Non lle pode dar o *luseiro da alba*; o salador ten que estar ben agochado ás escuras, porque senón a carne colle un cheiro ó aceite, e non toma tampouco o sal”.

O **CALLEIRO** (cast. 'estómago'), sálgase tamén. **LEVÁNTASE DO SALADORE** pola Pascua, ponse a **MOLLO** en auga, e énchese despois de *óleo de millo*, ovos batidos, *pinque*, pasas, *sucre*, cebola, auga e anís. Cócese no forno da broa e é o postre máis preciado.

Os anacos de porco que máis se levan ás **POXAS** (cast. 'pujas'), que se fan polo xeral nos adros das igrexas, son: a **FASEIRA** (todo o masilar inferior), o **DENTE** (un anaco de masilar), o **FUSIÑO** ('hocico'), e o **TOUSIÑO DA CALUBA** (da parte superior do pescozo) ou da **PAPEIRA** (touciño que vai da **JORXA** as **MANS** do porco).

O día da morte do porco ou ó seguinte, lévaselle-lo **PRESENTE** ós amigos e ós moi probes; consiste nun **RAXO** ou nun anaco de raxo (lombo do porco), e unha morcilla.

CHOURISOS fan sóio dúas ou tres ducias pra ter pró día da festa ou pra llos mandar ós fillos que están lonxe. Pra os facer, pícase a carne en anacos pequenos, mistúraselle allo, sal e pimento doce e picante, resultando de todo esto a **SORSA**, que ten que estar nove días en repouso, remexéndoa a cotío, e, ó cabo deles, énchese nas tripas delgadas.

O **AMOADO DAS MORSILLAS** faise con *sucre*, *sancré*, pan, arroz, *óleo de millo*, cebola, pasas, figos e “*espesies*”.

En chegando á noite, faise a **SEA DO PORCO**, prós amigos e familia invitados ese día na casa. Non poden faltar nela os **RINCHÓNS** (cast. 'chicharrones'), a **MORSILLA** e o **CALDO DE FIJADEIRA**, que se fai con anacos de raxo e

coas MIUDANSAS DO PORCO: FÍJADO, CHOFLES, PAXARELA, ROÑÓNS, todo ben picado; bótaselle tamén uns OSOS DO LOMBELO OU ESPÍÑASO, e JRABANSOS (fabas), patacas, cebola, arroz, pimento e especias.

Do porco aproveitábase todo, *bardantes* da boxiga do fel. Mesmo o VERJALLO (cast. 'verga') úsase pra engrasá-los zocos, despóis de abrillo en catro cachos. Así se conserva moito tempo colgado dunha punta na cociña.

A S G A L I Ñ A S

As JALIÑAS chámanse tamén PITAS OU POLAS. Cando están CHOCAS, BÓTANSE A PITOS, DÉITANSE OU PÓÑENSE A CHOCO. Escóllese unha NIÑAJADA de 11, 15 ou 17 ovos, sempre un número impar, porque fai millor o NIÑO. Míranse á luz pra ver se están JALEADOS ou se están JOLIOS, sin galear. A galeadura é unha mancha pequena, que se está de lado é que vai ser pita, e se está na punta e que vai saír galo. Déixanse a choco 21 días, ó cabo dos cales sal unha NIÑAJADA DE PITIÑOS. Os ovos que non sacan pito, son ovos JOLIOS.

Hai tamén JALIÑAS VENTUREIRAS, que teñen o niño *agochado*, e cando chocan, déitanse elas soias, e *amanecen* ó millor cunha NIÑAJADA de vinte-tantos pitíños.

Cando hai moita trebonada bótanlles algo de aceiro no niño pra que non se derramen os ovos. A galiña ARRÓLAOS e dalles voltas tódolos días; cando nacen os pitos comen fariña amasada ou faragullas de broa.

As galiñas recóllense pola noite nos JALIÑEIROS. No chan dos galiñeiros están os CAPUEIROS, caixóns cunha portuña que teñen o niño dentro. No niño colócase ás veces o ovo ANIÑADOR, un ovo JOLIOSO a xeito de "reclamo" ou endego, pra que a galiña non se ASAÑE e volva sempre ó mesmo sitio. Os lugares altos que teñen pra se subir as galiñas, chámanse POLEIROS. Moitas veces bérraselles ós rapaces cando están subidos a calquera sitio: "Baixa de ahí, vas caer por andares sempre subido ó poleiro".

A galiña anda a PETERAR no chan co PETEIRO e a ESCALAR cas patas. Dise dunha galiña que vai poñer porque está mui AJRELADA, cando ten a CRISTA colorada.

Por dentro do corpo as galiñas teñen: o papo, as tripas, a MOA (cast. "molleja"), o fijado coa tiriña longa do fel, as alegrías e a enxundia, *graxas* da galiña.

Pódenlle atacar dúas enfermidades: a PIPIDA, unha especie de bulto que lles sae na lingua; pra lla curar atravésaselles unha pruma das grandes pola pel da gorxa; o JRIFE, pónselles *a crista denegrida*, dalles unha *furrica* verde, e morren.

Hai dúas voces pra as chamar: ¡CHURRA! e ¡PIRO!, a derradeira sóio prós pitíños pequenos. Pra as espantar, díselles: ¡ISCA!

O G A N D O

Conócese co nome de JANDO OU JANDO MIÚDO, ó conxunto de cabras e ovelas, que agora van desaparecendo. O macho da CRABA é o CASTRÓN; o CABIRTO e a CABIRTA cando son pequeniños chámanse RIXELOS. Os cordeiros

pequenos son os AÑAJOTOS; cando van medrando pasan a AÑOS e despóis a CARNEIROS e OVELLAS.

Enténdese por FASENDA ou FOLJOS o conxunto de vacas e *cuchos* todos dunha casa. Cando un se refire á necesidade de estercá-las leiras, di que son coma FOLJOS VIVOS que precisan de comida. Os labradores ricos teñen 5 ou 6 vacas postas á *ganancia*: manténlles e cúidallelas outro (o TENEDOR), e cando é de vendé-los *cuchos*, van a medias. Hainos tamén que teñen sóio a XUJADA pra tirar do carro.

Distinguimos como característico das vacas a MARJARIDA, pel que lles colga pola banda de abaixo do PESCOSO, e a BRILLA, pel que vai da parte traseira da barriga ós CADRÍS. Por dentro teñen os órganos de tódolos mamíferos: LIVIÁNS \curvearrowright ALEJRÍAS, PAXARELA (cast. "bazo"), CALLEIRO (cast. "estómago"), TRIPAS, ROÑONS \curvearrowright RI(N)LES, etc. A carne do PESCOSO ou PESCOSEIRA chámase AJULLA. ILLARJAS son as fosas ilíacas. As patas de diante cóncense co nome de MÁNS; dise dunha vaca que está CALSADA dunha mán ou dunha pata, ou das dúas máns e patas, etc., cando ten unha mancha branca onda os cascós. O FIO DO LOMBO da vaca remata na CRÚS, antre os dous cadrís; cando se quer AXUJAR unha vaca (buscarlle parella na feira), mídese a altura que vai da *crús* ós *basos*, pra que señan iguales e leven repartido o peso.

Cando o pescozo da vaca está ferido polo *ronse* do xugo, chámasele XUJEIRA e hai que lle aplicar un pouco de *pinque* tódolos días pra llo curar. Outras enfermidades da vaca son: a PORCA —calquera quiste que lle aparece—, a MUXA —enfermedá da pel, cando pelan as vacas—, os BERRÓS —quistes de *atabán* no lombo (cast. "tábano")—, o MAL DA JOTA —epilepsia.

Dise dunha vaca que está MAINIÑA ou DESPIADA, cando ten un cadril máis baixo có outro, cáseque sempre a causa dun golpe.

O nome xenérico das enfermidades das vacas é o de PULMOEIRA. Din: *arrimóulle a pulmoeira* a un ollo, a unha pata, á testa... a calquera sitio onde a vaca teña o mal.

O home que cura as enfermidades das vacas e do gando en xeral é o ALBEITE.

Cando a vaca está en celo, dise que está SAÍDA, LIMADA, ou que tén LIMOS. PANDEA O LOMBO e déixase montar por outras vacas. Hai que *levala ó boi*. Moi pouca xente recorda a verba ALMAIO pra designar ó touro semental, empregada cáseque normalmente, din, hai 60 ou 70 anos. Dise que a vaca *collíu ou non collíu* se quedóu ou non preñada. Cando se vende unha vaca na feira dise se está *atoureada* (montada polo touro) ou non, e de cántos meses.

Cando a vaca pare, fáiselle a ENJRODA a base de ENCALDADAS (auga quente, fariña, verdura) e EMPALLADAS (herba mollada misturada con palla seca). A placenta das vacas é conocida co nome de QUITAS ou PARAS, e ó feito de a botar fora, LIBRAR. A vulva é a NATURA; dise dunha vaca ou de calquera mamífero que está en NASENSIA, cando no parto empeza a asomá-la cría.

Desdeque paríu a vaca, múxenlle o primeiro leite, LEITE COSTRO, e danllo a beber; así siguen nos primeiros días, entanto é *leite de fresco*. Despóis lévase xa prá casa e ferve; se se *corta* bótanllo no *balde* da comida á vaca parida; non llo poden dar a outro animal calquera ou tirar con el,

senón *retíraselle o leite*. Pódese deixar a **CALLAR**, desque sirve xa pra comer, sin fervelo.

As vacas teñen o nome según o color: **ROXA**, **NEGRA**, **PINTA** (se é de dous colores), **MARELA**, **BORRALLA**, **CARETA** (se ten a cara dun color distinto), **CUNCHADA**, se ten unha mancha na testa en forma de *cuncha*, **SILVADA**, se a mancha é en forma de *silva*. Por un accidente a vaca pode adquirir unha chata, e dela virlle o nome. Así, **RABELA**, se non ten rabo ou un rabo moi pequeno, etc. Polos cornos pode ser **MOJELA**, se lle falta un corno, **MONA** se lle faltan os dous ou ten uns cornos moi pequenos ou revirados.

FEIRANA ou **FEIRANTA** é a vaca que se compróu na feira. **XUVENCA** é unha vaca nova.


Dise dunha vaca que está **CALLADA DE CARNES**, cando está gorda, ben *mantida*. Unha vaca **MARROA** é unha vaca estéril; poucas veces se conserva na casa anque sexa ben traballadora.

Os tenreiros chámanse **CUCHOS** e **CUCHAS**. Cando van medrando pasan a **XUVENCAS** e **BESERROS**. Dise dunha vaca que *está fechada* cando ten xa os 8 dentes.

As vacas **ESCORNEAN** cando se **TRUCAN** antre sí. Cando berran dise que **BRUAN** (cast. "mugir"): "Brúa coma a vaca de Fisterra", facendo referencia á sirena do faro.

OS "APRECHOS" DA LABRANZA

O **ARADO DE PAU** faise con madeira de carballo. Consta dunha peza angular cun extremo lixeiramente volto pra atrás, a **RABELA**, pra agarrar coa mán, e o outro paralelo ó chan, rematado na punta coa **RELLA** de ferro pra fendé-la terra. Detrás da rella atópanse dúas pezas pra *abri-lo rego* chamadas **FORCADOS**, aseguradas polo **MEIXELO** — **MEIXELO**, pau transversal que as une. Da parte inferior da rabela parte a **LATA**, pau longo que leva na punta dianteira dúas *furas* nas que entra a **CHAVELLA**, pra xungui-lo arado á **XUJADA**.



A LATA e o ROSTRO van unidos por un pau vertical, a TEIROA. No furado que ésta fai na lata (vid. dibuxo) van dúas cuñas de madeira, os PESCUÑOS, pra graduá-lo ángulo formado pola lata e o rostro. O espacio que vai antre a inserción da teiroa e o maixelo, chámase COS.

Cando se quere facé-la canle máis fonda, SOUMAR A TERRA, pónselle unha peza ó arado, o SOUMADUIRO, que consiste en dúas táboas clavadas nos forcados. A persoa que vai co arado, súbese entón ó maixelo, facendo máis forza cos pés na terra. Hai tempo, o soumaduiro consistía en xestas trezadas nos forcados que axudaban a facer máis ancho o rego.

Despóis de ará-la terra, grádase coa JRADE, bastidor de madeira formado por catro paus transversales —JRADILES—, nos que van os DENTES de madeira ou de ferro, dispostos de tal xeito que ningún deles are pola fenda feita polos outros, e dous paus verticales que fechan o rectángulo, chamados TESTAS. O gradil dianteiro ten un torno ou argola nos que se engancha o SOLÍN, pau longo que vai deica o xugo. Antes, pra enganchá-lo solín, botábanlle á grade a CORRE OU DOBLA DA GRADE, que consistía en xestas trezadas nos gradiles.

Unha vez gradada a terra, *achándase* ben JRADANDO DE COTA, COS dentes da grade virados pra riba.

Hai varios tipos de SACHOS, sendo o máis estendido o de folla recta por atrás, disminuíndo en punta redondeada. Emprégase pra ESCAMPAR (cavá-lo campo), traballo que fan xeralmente as mulleres, seguidas polos homes co LEJÓN, que van JABEANDO, abrindo un suco fondo.

Variantes do sacho son o LEJÓN e a EIXADA, o primeiro de forma rectangular un pouco cóncava, empregado pra gabeá-las leiras, ou pra collé-lo *balume* ou o *mato* no monte. A eixada é moi parecida ó legón; emprégase pra gabeá-lo monte; ten a parte posterior redondeada pra que non enganchen os TOXOS nos *antigos*. Distínguense en todos eles dúas partes: o MANCO e a PA, co FÍO na parte dianteira, o OLLO de onde parte o mango, a CQTA, parte pequena de ferro por detrás do mango e OS ANTIJOS, os dous extremos posteriores da pá. Cando perdían o fío, levábanse as pezas ó ferreiro a REBULIR, a que lle sacase outro, e se a pá iba gastada, levábase a CALSAR, operación que consiste en botarlle outra vez a parte dianteira de aceiro (a parte posterior era de ferro).

Hai tamén un sacho pequeno, o SACHO DOS CORNOS OU DO SEBOLO, pra sachá-lo cebolo, con dúas partes: unha pá triangular e dúas JALLAS no outro extremo.


O CAVADUIRO é outro tipo de ferramenta coa que se arrinca o esterco das cortes e da cañeira. No lugar da pá ten dúas JALLAS. A parte posterior é tamén redondeada, sin *antigos*. A porción de esterco que colla o cavadiuro, chámase CHOTA. Unha vez arrincado o esterco, cárgase nos carros coas *forcadas* de 5 jallas, lixeiramente cóncavas.

A PICARAÑA, cunha pá longa e mui estreita rematada en punta, emprégase pra arrincar pedras do monte ou desfacer arrós.

Hai distintos tipos de FOUCIÑOS. O máis grande de todos é o FOUSÑO DA PALLA, de folla longa, moi curvada e estreita. Os fouciños da herba, do toxo, da leña, de arroar, son prácticamete iguais. Do mesmo tipo é a FOUSE

pró monte, pro moito máis grande e pesada; hai que manexala coas dúas mans. En todos eles distínguense: o MANCO, a PALA, o FÍO, a PUNTA e a COTA; a fouce ten, ademáis, a vara de ferro, longa, antes de empezá-la curvatura da folla.

O CARRO E O XUGO



O CARRO DE VACAS, con rodas de madeira e eixe xiratorio, é o medio de transporte máis común. Consta das seguintes partes: o CHEDEIRO, o EIXE e as RODAS.

No CHEDEIRO hai distintas pezas (vid. dibuxo): a CABESALLA, largueiro que chega hastra o xugo. As CHEDAS, dous largueiros colocados polas dúas bandas do chedeiro, moi resistentes e dunha soia peza; levan cada unha 5 FURAS onde se meten os FUMEIROS, paus de carballo afiados na punta. O punto no que se unen chedas e cabezalla conócese co nome de BRUEIRO.

Cando o carro leva carga miuda (patacas, herba, esterco, area), pra que non caia, colócanse por dentro dos fumeitos as CANISADAS, táboas unidas á xunta, que poden ser altas ou máis baixas e tupidas, dependendo da carga que leven. O CANISO fecha o carro por atrás, átase ás canisadas cunha corda longa, chamada TRENLA.

Na parte estrema da cabezalla hai dúas FURAS onde se meten as CHAVELLAS que teñen conta do xugo.

As táboas que atravesan o chedeiro, meténdose nas chedas, conócense co nome de CRUSETAS, as dúas de diante, e TESOIROUS ou TISÓNUS as catro restantes.

Por baixo de cada cheda van dous paus paralelos a elas, os COUCÓNUS, nos que finca o eixe.

Pra amarrá-la corda —CABESTRO—, cando o carro leva carga, hai catro tacos de madeira, cilíndricos (TORNOS), introducidos á beira dos coucóns,

atravesando as chedas. A máis do cabestro e da trenla, xa nomeados, outro tipo de corda que ten relación co carro é o CABESAL, con múltiples usos: pra prendé-las vacas ó xugo, pra atar unha *xujada*, pra levá-las vacas á *corda*, ou pra chamalas por diante; pra *atroxalas* ou levalas *antepostas* (co cabesal por riba dos cornos), cando van soias.

A LEITURA é unha peza fundamental no mecanismo da rotación; está formada por dous paus incrustados nos coucóns, atravesando as chedas, no medio dos que vira o eixe.

O EIXE é de madeira de salgueiro ou de ameneiro; o de loureiro requéitase e hai que levalo moito ó río; o de carballo, por ser tan duro, *empénase*. Os eixes córtanse polas lúas de agosto ou de xaneiro, e teñen que ser de pezas con sete cuartas de longo. Unha vez cortados, clávaselles no centro unha punta cun cordel atado á cabeza, a modo de compás, pra mirar se queda ben centrado. Leva os extremos metidos nas rodas e vira ó tempo que as fai virar a elas; ten uns rebaixes circulares —LEODUIROS— nos que se encaixan as LEITURAS (vid. dibuxo), que se van desgastando co paso do tempo, polo *ronse* da roda. As leituras son regulables: poden APRETARSE pra axudar a frená-lo carro, cando vai por unha costa abaixo; ou poden AFLOXARSE, pra cando o carro vai en chan ou por unha costa arriba. A parte do eixe que sobresa da roda é conocida polo nome de CABESA DO EIXE.

A roda encaixa no eixe nun rebaixe chamado ENTALLA, e como queda un pouco floxa, méteselle unha cuña a presión, TILLA, asegurándoa ben co MANLLE OU MASO DE EIXAR. Unha vez colocada a TILLA, clávaselle un torno vertical, pra que quede ben segura a roda, chamado JORRIÓN. Noutros tempos cando afloxaba o eixe, había que EMPALLAR O CARRO, operación que consistía en desarmalo e poñerlle na cabeza do eixe *mensellos* de palla de trigo ou de centeo, que atuaban a modo de cuña, asegurando outra vez a roda.

A RODA compónse fundamentalmente (vid. dibuxo) dunha peza central rectangular, o MINLE, e dúas pezas curvas ás beiras do minle (CAMBAS), todas de madeira. Cando non chega a madeira pra facé-la camba toda dunha peza, *encánaselle* un CMBOTE pola banda de riba, e se aínda non queda ben, hai que TAQUEAR O CARRO, botándolle *amendos* de madeira. No centro do minle hai un furado rectangular por onde se mete o eixe, chamado OLLAL DA CAMBA. RELLA é a peza que une as cambas co minle por dentro. As pezas exteriores que van colocadas por riba das rellas e que aguantan tamén das distintas pezas da roda, chámanse SOBORRELLAS. A roda vai rodeada dun ferro que evita o *ronse* da madeira co chan, a LAMIA, clavada á madeira cuns clavos grandes e resistentes chamados PUJAS OU RAIJADAS. Hai tamén dúas cintas de ferro na roda, colocadas ás dúas beiras do ollal, pra reforzá-lo minle na súa parte máis débil polo furado, chamados *fechos minleiros*.

As vacas únense á cabezalla polo xujo de madeira. Ten dúas varas verticais, CANSIL JRANDE e CANSIL PEQUENO (a derradeira non sae pra riba do xugo), unidas por baixo por unha *corre*, a PIOJA, na que se mete o pescozo das vacas. Os rebaixes dos cansiles que aguantan das *piojas*, chámanse MOSQUEIRAS. A parte central (o PEITO DO XUJO) leva dous rebaixes —CASILLAS DA DOBLA— nos que se mete a DOBLA que une o xugo ó carro. As partes altas


da *casilla da dobla* conócense co nome de CAMALLÓNS. A pesar de se chamar DOBLA a peza que une o xugo ó carro, dise sempre que lle hai que póné-lo LORO a tal vaca, cando en vez de estar encaixada a dobla nas súas casillas, métese sóio nunha delas e móntase a outra parte no xugo, tendo que facer máis tiro a vaca que vai xunguida máis arrentes. Dise tamén moito: “Fulano leva todo o loro do traballo”, cando traballa máis cós outros.

Dise do carro cargado que vai DIANTEIRO cando leva a carga moi botada pra adiante. Neste caso hai que lle botar unha pedra na parte de atrás pra que faga contrapeso. O carro vai DERRADEIRO, cando a carga está moito pra atrás; pra evitar entón que as vacas se ESJANEN, móntase un home ou pónselle un peso na cabezalla. Cando o carro vai nivelado, dise que vai ou que está CARRETEIRO.



Pra manté-lo carro en posición horizontal, hai un pau que remata en forma de forcada chamado SAPOSTALLO.


Cando o carro carrega vigas, pónselle no medio do chedeiro un madeiro horizontal de base e, por riba del, outro vertical, JASTALLO, co fin de ergué-la carga cando é demasiado longa.

Cando hai unha *costa moi supite*, o carro pode baixar ó RELANSO, de través, ou a PIQUE, se baixa vertical coas rodas ben apretadas.

O carro está OPINADO  APINADO (OPINAR O CARRO) cando está a cabezalla erguida de tal xeito que as chedas tocan o chan.





O M U Ñ O

Pra desviá-la auga pró muño, érguese no río unha parede transversal, CORTADA, PRESA ou REPRESA, que a leva pola CANLE hastra o POSO  CUBO onde está *acumulada* a presión pra mové-lo REDUSIO. O CUBO, despois dun desnivel chamado FERIDO, remata nun cano de madeira, a BUXA, que dirixe a auga contra o redusio, e que pode ter, ademais, o BUXETE e as PARAS, cada vez máis estreitos, pra aproveitá-la auga ó máximo cando hai pouca. A derradeira pedra do *cubo*  *poso*, chámase PEDRA BILLEIRA.

A cova toda onde vira o REDUSIO conócese co nome de SARTÉU ou SARTÉN. Nela están os mecanismos todos que fan virá-lo muño. O primeiro que atopamos (vid. dibuxo) é un pau transversal, MESA, enriba da que se ergue todo o redusio. Leva nun extremo outro pau vertical: o LIVIADUIRO  a LIVIADUIRA que chega hastra o *tremiñado do muño*, onde se manexa (TEMPERA). Enriba da mesa vai a PÍA, seixo cóncavo no que vira o ovo, seixo oviforme; despois, as CULLÈRES de madeira, que reciben o impulso da auga. Cara arriba sae un pau vertical que ten distintas partes: a inferior, máis ancha, o TROUSO, que leva *encanado* o LOBATO, un pouco máis estreito; estas dúas de madeira. Do LOBATO sae o BEO, pau vertical de ferro que remata noutro horizontal, tamén de ferro, a SEJURELLA, enganchada na *capa do muño*.

No TREMIÑADO DO MUÑO (vid. dibuxo), onde cae a fariña xa *munda*, distinguimos: o PÉ, cilindro de pedra cun furado no medio pra dar paso ó beo. Por riba do pé vai a CAPA, pedra de forma cónica, co seu furado, o OLLO DA CAPA. Por medio da *liviaduiira*, TEMPÉRASE O MUÑO, erguendo ou baixando a capa, que vai enganchada na SEJURELLA, facendo así que a fariña salla máis ou menos *munda*. Tamén aquí é popular o cantar que dí: “Ó

pau
calcaduiro



O MUÑO

muño do meu pai, eu ben lle *sen* o tempero, cando está alto baixalo, cando está baixo, erguelo”. E sigue: “Chégalle ó *muño* que *roi*, chégalle miña miniña, chégalle que ben o moi”.

Por riba da capa atópase o aparello pró gran, feito todo de madeira, coas seguintes pezas: a MOIEJA, depósito do xeito dun embudo, pra botar

nel o gran; vai aberta por baixo e deita o gran nunha canle de madeira, o CANADO, que o vai vertendo á súa vez no OLLO DA CAPA. A caída do gran regúlase nunha vara chamada ENJRANDA OU MANSEBIÑA. O pau que bate coa superficie superior da capa, a TEIXEDEIRA, regula a cantidade de gran que deita o canado.

Referidas ó *muño* hai unha serie de espresións como:

MUÑO EMBASADO, si a auga está estancada debaixo e non deixa correr ó re-dusio, por estar asolagado.

MUÑO EMBOUTADO, cando o millo é verde forma unha papa, *bouta*, que hai que lle limpar porque senón non moe.

MUÑO ENJARJADO, cando se tapa a buxa e non sae auga abunda.

ROER O MUÑO, O MUÑO ROI, cando non ten gran e bate unha pedra contra a outra; neste caso hai que lle CHEJAR O JUAN coa man.

TRELOUSAR O MUÑO, cando está a capa desnivelada.

MUÑO DE MAQUÍA, de maquila.

MUÑO ADIADO, que está repartido por días.

MUÑO ALBEIRO, que moe trigo.

TER MEDIA PEZA/UNHA PEZA, ter o muño medio/un día.

FOULA, "harija", parte da fariña que voa no muño e que se pega á roupa. ENFOULAR(SE), encherse de foula.

A FARIÑA E O PAN

A fariña pode saír do muño:

MUNDA, moída.

REDONDA, a millor pra facé-lo pan.

VIVA, *graúda*.

ESCACHADA ↪ ESMIRILLADA, co millo partido; cáseque non serve pra *pande-xar*. Non se peneira, pásase polo CRIBO.

Cando as moas están moi aliviadas o gran non sae ben mundo. Dise entón que a fariña trae moitos MIRILLOS OU FARELOS.

Hai tamén ÓLEO, fariña moi fina que queda pegada ó pé do muño; parece fariña de ESCAINA, que é a de trigo que se merca nos comercios. Lévasse pra facer FOLLADOS OU PAPAS.

O RELÓN é a fariña que queda na peneira, misturada con *mirillos*.

Pra limpá-la fariña hai en tódalas casas unha PENEIRA que é ca que se peneira a fariña pro pan. Máis fito cá peneira é o BARUTO, pra BARUTAR o óleo, e moito máis raro o CRIBO, con uso cáseque exclusivo pra *escribir* o gran ou pra *erguelo*.

Conócese co nome de SEBADEIRA ↪ SABADEIRA a cantidade de gran que se precisa pra unha fornada. Tanto se dí: "Hai que levá-la sebaadeira ó muño", como "hai que moé-la sebaadeira ou cocé-la sebaadeira".

Pra facé-lo pan *penéirase* a fariña de millo na ARTESA, e despois a de centeo, a MISTURA; mistúrase todo ben misturado, e bótaselle auga fervendo con sal por riba pra ESCALDAR A MASA. Coa pá de madeira *envólve e* ben envolveita e déixase ARROFIAR. Cando está a masa MORNA, bótaselle o FER-MENTO, masa que se gardou da sebaadeira da semán anterior. Amásase todo

xunto, fáiselle unha cruz por riba e déixase a MEDRAR ou LEVEDESER. Cando a masa está LAÑADA ↪ ESCACHADA, é sinal de que xa medrou. Canto máis xenio teña o que amasou, máis axiña lle medra a masa.

Antrementres, quécese o forno; *escálase* de vez en cando co SUSCADUIRO, hastra chegar ó soio. Sácanselle as brasas pra un lado e os *cadolos* déixanse no forno pra *fundar* neles outra *larada*; e así por dúas ou tres veces. Co suscaduiro ráscase o soio e as ucheiras: se saltan MOXENAS é que está quente. Bárrase primeiro co TRULLO ↪ RODO, e despóis pásaselle o BARREDUIRO, escoba feita de xestas cubertas cun *froio* mollado. A porta do forno tense metida en auga pra que hinche ben e tape as xuntas, e pra que non arda.

Ó que o forno vai quencendo vaise tendendo a masa. Fanse primeiro as BOLAS. Cóllese unhas follas de *coleiro*, esténdese nelas unha pouca fariña de centeo pra que non se APEJE a masa; fáiselles enriba unha torta de masa ben aplastadiña e vólveselle botar fariña de centeo. ENFÓRNANSE. Cócense coa porta aberta e fáiselles a CQRA (larada pequena) no ROJASO DO FORNO, pra que non ARROFIE de todo. Unha vez cocidas, *chéganse* co rodo e sácense coa pá. Hai quen as saca tamén *espetadas* nunha forcada.

En sacando as bolas, ás veces o forno precisa outra larada se ARROFIÓU. Cando está ben quente, *enfórnanse as* BROAS, métense coa pá, enriba tamén de follas de *coleiro* con fariña de centeo. Unha vez todas dentro, cóllese unha cunca con *mistura*, e céibaselle por riba.

A porta do forno pégase ben con *bosta*; cando se abre, se aínda non está moi cocido, arrímaselle outra vez, pra que coza co mesmo calore. O pan queda no forno cáseque sempre. Hai quen o saca axiña pra ARTESA, porque no forno AJÓASE (énchese de auga).

Ó pan pode saír:

ASMO, con pouco lévado.

MUSIO, “ó partilo saen coma *rellos*” (‘cordas de atá-lo carro’).

LÉVADO, ácido.

CON BESERRA, aplastado e mollado contra a codia.

OLLUDO ↪ ESPOLPADO, espilido (cast. ‘esponjado’).

CRÚ, mal cocido.

CUSIDO, cocido.

PASAXEIRO, mal cocido, “medio crueiro”.

Cando leva moitos días na casa, o pan pode BAROLESER: dise entón que está BAROLENTO ou CON BAROLA. O pan duro chámase CALUDO ou RESESO. Pra o comer, bótase A MOLLO e cando seca dise que está xa MOLENTE ou AMOLESIDO.

A parte de riba do pan chámase CARROCHO; ESCARROCHAR é sacarlle os carrochos ó pan. A de baixo CODIA, a do medio MIOLO; ESMIOLAR O PAN é facer FARAJULLAS ou MNCALLAS.

Cando o pan dunha fornada se desfái muito, dise: “¡Qué CAÑUSO ou qué CAÑEIRA de pan teño!”.

Cando se coce nunha casa de fora (os probes que non teñen forno, ou nos fornos da vila), métense as broas nun *aro* que pode ser unha tarteira vella, sin fondo, ou mercado no *ferrancheiro* pra que non se apeguen ás outras.

O SEMENTEIRO DO TRIGO

O *sementeiro do trigo* faise por S. Martiño. Prepárase a terra: lábrase primeiro co arado, grádase e por último pásaselle a grade de cota; esténdese logo o esterco: noutros tempos miraban que fora exclusivamente de *craba* e de ovella. Ven entón a *semente do gran*, que está xa desinfectado con sulfato de cobre (a PEDRA OU VENENO) pra que non lle ataque a TERRA OU PESTE DO TRIGO. Márcanse as TREITAS con paus ou feitas e SEMÉNTASE A VOLEO, coa man cáseque fechada pra poder espallar ben a semente. Unha vez sementado ábrense as CANLES fondas co arado *soumaduiro*. Axudados do TRULLO OU RODO tápase o gran das MARDES OU MESAS do rego. Co sacho repásanse as canles e colócanse despóis OS ESPANTALLOS, VIRANTENLAS, VIRAVENTOS OU CINTAS atravesadas por riba da leira. Na primavera hai que CANLEAR O TRIGO, operación que consiste en sacarlle as herbas indo polas canles. Se chove moito, o trigo ENCÁMASE: encártase todo, deitándose na leira.

No mes de Santiago, APÁÑASE O TRIGO, indo polas canles, con fouciños pequenos. Agárrase coa man unha MANCHEA DE TRIGO por debaixo da espiga, cuidando que non vaian outras herbas, e apáñase pola metade ou dous tercios da altura da palla. A que queda na man é A PALLA DA MALLA, e a da leira chámase PALLA RESTREBA. Unha vez cortado colócase en feixes maiores chamados PAVEAS. Por onde sexa a palla máis alta apáñase un anaco arrentes do chan pra facer OS VENSELLOS \curvearrowright MENSELLOS, coa palla retorcida, atándoa polas espigas. Estíranse os vensellos e o *atador* vai recollendo as paveas e enfeixándoas hastra facé-lo MONLLO. Unha vez recollido todo o trigo da leira en monllos, empézase a MALLA.

Lévase a *palla da malla* prá eira. Esténdese alí disposta nunha especie de rectángulos chamados BARDAS pra que lle dea o sol (ASOLLAR O GRAN). Colócanse tres ou catro malladores a cada beira da BARDA COS SEUS MANLLES, aparello formado por dous paus, un longo: a ALMANCA, e outro pequeno: o PÉTEJO, articulados antre sí por dúas pezas de coiro: as CASULAS, unidas por unha corre chamada LQRO. A operación dos malladores, de dereita e esquerda, é alternativa, de xeito que, cando uns están co manlle no chan, os da outra beira téñeno no aire.

Unha vez mallado apártase a palla co ENSIÑO e coa FORCADA. A palla da malla gárdase no SULEIRO OU NO PÉ DO PALLEIRO: é coa que se fan OS XARJÓNS das camas, e as EMPALLADAS (misturánda con herba mollada), pra *acomedá-lo gando*.

Xúntase o gran nun montón co *ensiño de cota*, ou con *trullos* ou rodos; sácanselle os CAÑOS, a MUÑA e as ESJANAS. ÉRGUESE onde haxa corrente de aire, axudados de *peneiras* e *cribos*. Os *caños*, *muña* e *esjana*, lévanse como abono ós herbales, aproveitando ó mesmo tempo algún gran que poida quedar pra que dea herba.

Limpo o gran esténdese nas eiras a ASOLLAR.

Unha vez gardado o gran, apáñase a PALLA RESTREBA, utilizada antre outras cousas pra estrá-lo cocho dos porcos ou pra facer a cama dunha vaca cando pare.

Van os PALLAJEIROs cun FOUSIÑO DA PALLA, grande e longo, distribuídos en diagonal polas *mardes*: apañan axudándose dun FACHUCO de palla. Detrás de cada pallajeiro, vai a súa CURELEIRA \curvearrowright CORELEIRA, polo borde da canle (CURELA), cun fouciño pequeno, aproveitando o que deixa o pallajeiro atrás, e axuntando a palla que el vai ceibando por riba do hombro esquerdo.

No mes de Agosto lábranse os RESTREBOS, senón queda a leira moi dura.

A M I L L E I R A

A MILLEIRA (o conxunto de traballos que comprende a sementeira do millo), empézase por S. Marcos, o 25 de Abril. Se chove moito, espéranse uns días máis, pro en chegando a Maio, anque "a auga corra tras do arado", como dí un refrán popular.

Pra prepará-la terra antes de lle botá-lo gran da semente, dásele unha primeira labradura, a máis fonda de todas (DEFENDER A TERRA), seguida de outra máis superficial (ENTRAVESAR). Logo grádase e ESCUTRÍLLASE (desfáanse os CUTRILLÓNS) coa *çota* ou cos *antigos* do sachò. Xúntanse os TERRÓNS e quéimanse na leira; despóis seméntase, grádase por riba, e se quedan terróns, vólvense queimar.

As leiras que se botan a millo cáseque non se estercan. Se se pon a agra A DÚAS MANS ("cultivo de rotación"), o esterco gárdase pró gran miudo, pró PAN, e, ó ano seguinte, bótase o millo nas leiras en que houbo trigo ou centeo, e senón aprovéitanse os PATAQUEIROS (leiras onde houbo patacas), que están tamén ben estercados. Caso de que leve algún esterco é do pior, restos do da corte ou esterco da *cañeira*.

Cando o millo se sementaba a man iban diante as mulleres ESCAMPANDO \curvearrowright DESCAMPANDO co sachò, seguidas polos homes JABEANDO. O rego escampado chámase MESA. Ó tempo que se gabea ÉRGUESE o REGO. Disque o millo que foi gabeado é moito millor có de arado. A *manada* que se axunta prós traballos é o que se chama a ROJA.

Hoxe lábrase co arado de ferro, non se gabea. Cando a terra está BULADA, revolta dos porcos ou con *tiopeiras*, lábrase co arado de pau sóio por riba: ESCARABÉLLASE A TERRA. Dise dunha leira que ten un PERO, ou que está ASAÑADA OU AMEIJADA polo mal de ollo que lle botóu alguén, cando non da froito. Pra llo sacar lábrase nunha noite de lúa crara.

Misturados co millo, nas mesmas leiras, seméntanse tamén os JRBANSOS (fabas), na proporción dunha cuarta parte por tres de millo. Pódense sementar a *voleo*, antes de botá-lo millo ou a *dedo*, ó tempo do millo, sendo máis empregado o primeiro método porque co segundo tardan máis en sair.

Cando hai claros de millo nas leiras, trasplántanse PÉS DE MILLO DO RAREO, ou seméntanse máis JRBANSOS.

O millo na leira pode BLANQUEAR, por está-la terra mal cultivada, mal sachada, por ter un *pero* a leira, ou por estar mal rareada. O "tizón" do millo chámase CARUNCHO. Dise do millo que ten BICOCA cando uns vermes grandes atravesan e comen cana e paolla; a bichoca pudre e *enrarece* o millo. Facendo referencia a esto hai un dito mui estendido: "A bichoca ataca onde o millo está raro", que se di, poño por caso, cando se ten un fillo sóio, e enferma.

A primeira sachadura que se lle da ó millo, o DECRÚ, ten que ser antes da festa do patrón (o 16 do mes de S. Xoan). Logo vai a segunda, o ARRENDO ("o arrendo, dallo correndo"). A terceira, o CABO, dáelle nos derradeiros días do mes de Santiago, co fin de ACUJULAR ben a terra nos pés, ou sementar *avea, xoio ou sarnadela*. "Por Sta. Mariña (18 de Xulio) o millo debe tapar á galiña, e por Santiago debe tapar ó año".

Despóis do *cabo*, hai que *rareá-lo millo* se está moi *mesto* na leira; os pés que se arrincan do rareo, son pra *acomedar ó gando*.

Antes ABUSEIRABAN ós cans, púñanlle BUSEIRAS, pra que puidesen andar ceibos sin comé-las espigas. Os porcos colgábanlle-las CANCAS no pescozo, con dúas JALLAS pola parte de diante que lles impedían saltá-las paredes ou entrar polos AJUEIROS das leiras. O pior nemigo do millo é o *porco teixo*: cando anda pola agra, axúntanse os veciños pra lle desfáce-la cova ou pra cazalo ó ASEXO.

Asegún o millo vai medrando, bota as BARBAS (BARBEAR O MILLO), e a SENSENA ↪ -o. A espiga nova, cando o gran ceiba aínda leite, chámase LEITÓN; asado na borralla do forno recibe o nome de CHURRO, moi cobizado por novos e por vellos.

Dise do millo que está AJOLLETADO cando no mes de agosto está aínda arrentes do chan, cativo ou medio murcho. A finais de Agosto hai que *ir ás pallas*: apañar na leira os pés pequenos, ou os PALLÓNS (pés que non teñen espiga).

Chega o tempo da RECOLLEITA (Setembre-Outono). Antes xuntábase todo o millo nunha leira, o EIRADO, e alí ESFOLLÁBASE. O millo bó (as paollas), van pra *cabeseira*; o podre e o verde apártase prós porcos (se se bota verde na cabeseira, AFILLA e derrámase), e o REFUJO ou COTELOS, quedan tamén prós porcos da ceba. Pra esfollar non se *esguisan* as espigas do pé. A porción de cana que queda na leira ten o nome de CAÑOTA.

Unha operación semellante á de esfollar é a de ESCOTAR, que consiste en sacarlle só as follas ásperas, de fora, ás espigas (esguisadas do pé), e deixalas coa CASULA, que se aproveita pra facé-los XARJÓNS das camas. Á operación de *fendé-la casula* prós XARJÓNS, chámase RIPAR ESPIJAS.

Hoxe esfóllase na leira onde se recolle, porque a palla que queda sirve como esterco, ou carréxase pró CABANEL da casa. Os ESFOLLADORES (anaco de madeira afiado, rabo dunha culler, un oso limado...) constituen ás veces, verdadeiras obras de arte.

As espigas moradas chámanse REINAS, e o millo con grans de distintos cores misturados, MILLO PEJO. Dise dos que botan moito millo *pejo*, ou teñen moitas reinas, que é pra aforrar na mistura cando cocen o pan, porque a *fariña* que dá o millo *pejo* é máis escura e parece xa *fariña* misturada. As espigas con moitos fillos arredor, chámanse MARÍAS: MARÍA de 7, 4, 9, 6 fillos; esfóllana deixándolle tres ou catro casulas; víranllas, fanlles un nó na punta e cólganas a secar en calquera sitio da casa; son boas pra lle dar a unha vaca cando pare.

As espigas que se reservan prá semente, son espigas escolleitas, das millores. Antes de gardalas ESCURUTANSE ↪ DESCURÚTANSE, sácanselle os *curu-*

tos pra que queden os grans *bastos*. O feito de lles sacá-lo gran ás espigas é DESBULLAR. O corazón da espiga é o CAÑOTO.

Unha vez esfolgado o millo, a *palla* átase en FARDOS COS que se fan os PALLOTES (EMPALLOTAR O MILLO), onde se deixa secar ben. Érguense logo as CABANAS; primeiro colócanse catro JALLEIROS e varios LARJEIROS, formando unha estrutura afusada; vaise cubrindo todo cos pallotes; déixanse dúas portas pra que se ventile e acabe de secar ben a palla. Desque está toda cuberta, hai que EMBICALA, atala no bico cunhas corres de xesta, de xeito que quede ben dereita. Unha vez feita, pódese ABRIR A CABANA, sacarlle a primeira ringleira de fardos, pra que non pudran ca auga que lles cae dos de riba e pra que se aireen pola base; pro ten o peligro de que así é moi fácil roubá-la palla.

Se non se fan cabanas, a palla seca gárdase no CABANEL.

O millo SERODIO ↷ TEMPERÁN ↷ DE VENTELOJO, é un millo de ciclo máis corto. Seméntase despóis de recollé-lo centeo.

Os JRBANSOS recóllense antes có millo. Á planta con vainas e folla, chámasele PEIRA. Lévanse prá eira; alí sácanselle as gaxas verdes, que se comen en fabada nos primeiros días. As follas dáselle como pasto ó gando, e o resto déixase alí, a ASOLLAR. Ben secas, mállanse, e as gaxas sin jrbansos lévanse como abono ou pra facé-las camas do gando.

Ante a MILLEIRA e o DECRÚ, faise a PRIMADÈRA ↷ PRIMAVERA, que consiste en ir apañá-lo toxo ó monte pra todo o vran, cando está aínda *dondo*, *molente*, *mql* pola chuva, misturado con herbas. Se se espera máis, o monte *vírase a un*, o toxo ponse IRTO, e pra ter *bahumada* e *mato* na casa, hai que *arroar* (limpar arrós), anque nunca son tan bós coma os do monte.


A S P A T A C A S

A pataca ten unha importancia fundamental na vida de labranza. É un dos pilares nos que se basea a alimentación e a economía do labrador.

Hai hastra tres tipos distintos de patacas, según no tempo en que se boten: PATACAS DE SEDO, que se poñen polos meses de Xaneiro-Febrero e se recollen en maio (son as *patacas novas*). As PATACAS DE TARDE, bótanse entre Abril e Maio. E as da semán de S. Xosé, con sona de seren as millores, porque se poñen cando empeza a primaveira e hai moitas SASÓNS na terra (especie de *tiopeiriñas* pequenas que fan os insectos coa calore), sendo este o millor sinal de que hai que POÑÉ-LAS PATACAS.

Pódense poñer a man ou co arado. Antes botábanse todas á man, co sacho, e nas leiras piores, cáseque sempre de *anovados*. Agora escóllense leiras boas e prepáranse ben, con bo esterco de corte, con FELUXE, BORRALLA e ALJASO, porque cando se apañan as patacas, bótase o millo nas mesmas leiras, sin outro esterco.

Pra *poñelas a man*, primeiro grádase a terra; carréxase prá leira o esterco e déixase en montóns, que despóis se estenden ou non, formando unha capa todo por riba da leira. Ábrese o primeiro rego, *escámpase unha mesa* a carón del, e o escampado vaise metendo dentro co esterco que colla, se é que está estendido polo campo, e con *feluxe*, *borralla* e *aljaso*, se se lle

quer botar; por riba de todo esto, pónense as patacas. Despois *gabéase* a parte escampada co cavadiuro, pra que quede a terra ben ESPONXADA  ESPILIDA. ÉRGUESE coa eixada ou co legón, e tápase o rego con pouca terra. Hai quen abre o rego e esterca sóio aquilo, sin estender antes o esterco polo campo, colléndoo do montón coa forcada. Os regos das patacas son sempre *regos miúdos*.

Pra botalas co arado, xeralmente, os labradores fortes, con moita terra (os de pouca pónenas a man), axúntanse en ROJA e distribúen os traballos. Estércase a leira e ábrense os regos co arado. As patacas de cedo pónense un rego sí e outro non; en maio apáñanse e bótase o millo nos regos que non tiveron nada ou en toda a leira.

As de Marzo son as milllores. Bótase toda a leira a patacas, e cada 5, 6, 8 regos, ponse un VIEIRO DE COLES. Antre elas, ou a unha beira da leira, van os CHÍCHAROS.

As patacas de tarde pónense por maio, en terra pesada ou en leiras moi molladas.

Cando empezan a BICAR AS PATACAS, pásaselle-la grade ou o ensiño por riba, pra achandá-los regos e pra que non *crien muito campo*.

O primeiro sacho das patacas dáselles xeralmente cando os homes van *facen a primavera* ó monte. O segundo chámase coma o do millo, ARRENDO, e dáselles co fin de *acujular* ben a terra nos *pés das pataqueiras*. Cando empezan a dar froito, CACHÉANSE pra ver como veñen. En estando as pataqueiras secas, APÁÑANSE, e escóllense despois pra gardar no *suleiro*, na *cabeseira* ou no *faiado* da casa.

As patacas segundo os defectos e calidade clasifícanse en: PODRES, que se deixan xa na leira; COMESTAS OU ROÍDAS (polos ratos, tiopas, bichocas) e CORTADAS (polo sacho) que son as que primeiro se consumen; MIÚDAS, pró porco; MANEIRAS e SÁNS, prá semente. Pra facé-la semente córtanse de xeito que en cada cacho quede un *ollo*.



O resto das patacas pró consumo da familia, gárdanse en barras, ou *arrúmbanse* no *suleiro*, faiado ou *cabeseira*.

Ó feito de pelá-las patacas, chámáselle RASCAR AS PATACAS, sacárlle-la TONA.

As comidas que se fan pra cotío coas patacas son: patacas asadas na borralla do forno; patacas *rescaldeadas*, cocidas, un pouco duras; *cachelos*, cocidas, cortadas en *rebandas*, coa tona; patacas en caldeirada, cun *rustrido* de cebola e pimento; *frixidas*: “imos facer unhas frixidas pra xantar”; *patacada*, guiso a base de patacas.

AS PARTES DO CORPO

Na CABESA (nome vulgar CROCA) distinguimos: os MIQLOS 'masa encefálica', O CURUTO 'vértice craneal', A MOLIÑA OU A BLANDA 'la fontanela', A TAMP A DOS SËSOS 'bóveda craneal', AS SENS 'las sienas', A TESTA 'la frente', AS SOBRESSELLAS 'las cejas'.

NOS OLLOS: O BUJALLO DO OLLO 'globo ocular', A SANTIÑA  A MENIÑA  A SANTA DO OLLO 'la pupila', AS PESTANAS 'las pestañas', AS ORELLAS 'las orejas', TRAS DA ORELLA 'región mastoidea', O NERÍS 'la nariz', AS VENTÁNS DO

NERÍS 'las fosas nasales', OS PAPOS 'las mejillas', O CARRIÑO \curvearrowright O QUEIXO 'la barbilla', AS QUEIXADAS 'las quijadas', A BOCA \curvearrowright O BICO \curvearrowright O PETEIRO 'la boca'; O BICO e O PETEIRO son moi usados en espresións como: *torcer o bico* (cando unha cousa non gusta), e *¡qué bó peteiro ten!* (por alguén que come moito e de todo). E os BUSOS 'labios prominentes'. Os rapaces *miásaselles* moitas veces decindo: "Vas levar un *sqco* nos busos".

Na DENTUSA 'dentadura' temos: AS ENXIBAS 'las encías', OS DENTES 'los dientes', OS DENTEQUEIROS 'los colmillos', CHAVELLOS 'dientes aislados, por lo general los colmillos, muy desarrollados', AS MOAS 'las muelas', O TEITO DA BOCA 'el paladar', A LINCUA 'la lengua'. Cando o 'frenillo' chega ó extremo da lingua dise que "se ten a lincua presa" e que "hai que soltá-la lincua" e córtano pra que o neno non teña dificultade en falar. Queda, ademáis, o PINCALLÓN 'la úvula'.

En relación coa cabeza e a cara, atopamó-las seguintes particularidades: CARA XARABEADA 'cara con pecas', TER UNHA SEÑAL 'tener un lunar', MARCUDO \curvearrowright CACARAÑADO 'con marcas de viruela', FUSIÑUDO 'con la nariz larga', NACHO 'chato', LABIO FESO 'labio leporino', XORDO 'sordo', TATO, TATEXO 'tartamudo', QORJO 'chichón en la cabeza a consecuencia de un *croque*'.

O pelo pode ser, polo xeito: RECHULÉS 'ondulado', CRENCHO 'rizado'; también *pelo riso*, REBIXIDO \curvearrowright ALPOREADO 'muy rizado y que no se sostiene en la cabeza', LASO 'tieso, lacio'. E polo color: ARROÁN 'castaño-rojizo, *do color das bestas*', RUSO 'con canas, *cando se bota branco*'; a máis dos colores de sempre: Castaño, rubio, negro ("Negro como asibeche"). Dise de calquera que é un SERRALLEIRO, cando ten o pelo longo e solto, descuidado, con SERRALLAS. O pelo pódese cortar con PERRERA 'flequillo'.

Os OLLOS pola forma e color poden ser: ESPITOLADOS 'exoftalmos, muy salientes', ARREJALADOS 'muy abiertos', BICHOS \curvearrowright SORROS 'vivarachos, ENCOVADOS 'hundidos', MEÇOS 'tristes, pedigüeños', RUSOS 'averdosados', JARSOS 'de un azul-grisáceo'.

As enfermidades máis habituales nos ollos son: A LEPA 'la legaña', O ORSÓN 'el orzuelo', A BELIDA 'úlceras corneal'.

Un home, polos ollos, pode estar: CEÇO (sejo) 'ciego', BIROLLO 'si tiene un ojo torcido', TORTO 'si tiene los dos ojos torcidos', CHOSCO 'si le falta un ojo', PITOÑO 'si ve poco'.

Se alguén quedóu sin unha orella, dise que está *fanado*.

No PESCOZO distinguimos: O JAÑOTE 'parte posterior del pescuezo', A JORXA 'la garganta', A JORXA DO AIRE 'la tráquea', A CALUBA \curvearrowright O CORCOTE 'la nuca', A BARBALLEIRA 'parte anterior del cuello, por debajo de la barbilla'.

No tronco: TAMPO DO PEITO 'pared anterior de la caja torácica', ASA DO HOMBRO 'hombro', PEITOS \curvearrowright TETAS 'pechos, tetas', PENSÓNS OU BICO DO PEITO 'pezones', AS ARCAS 'parte anterior de las costillas' (TER ARCADAS: 'tener náuseas'), A PANETILLA 'terminación del esternón, apéndice xifoides'. Cando A PANETILLA ESTÁ CAÍDA por calquera mal que se tuvo, ou esforzo que se fixo, hai que *levantala*. Primeiro compróbase o estado da *panetilla*, mandando deitar á persoa e estirándolle os brazos en posición vertical; si as mans non quedan unha de par da outra, entón hai que repetir as seguintes palabras:

O cura vai para o altar,
 a xente toda a rezar;
 as palomas ó palomar
 i a auga vai para o mar.
 Panetilla, espinilla, asaduiira,
 vai para o teu lugar.
 Padrenuestro. Avemaría.

A BOCA DO PEITO 'epigastrio', EMBIJO 'omblijo', ILLARJAS 'fosas ilíacas', INCUAS
 ↳ BRILLAS 'ingles'. Estar ESBRILLADO ou CREBADO 'estar herniado'.

O nome de "AS PARTES DO CORPO" é un eufemismo que desina por antonomasia ás xenitales esternos. No home: BOLIÑAS - BOLAS - COLLÓNS - JUEVOS 'testículos', MINCALLA, -IÑA - MIÑOCA, -IÑA - PISTOLIÑA - PIXOLA - PIXA - CARALLO 'pene'. Dise de calquera mamífero macho que é RINCOLLÓN, cando lle falta un testículo ('criptorquídeo'). Na muller: COUSA - COUSIÑA - CONEXA - FENDA - A BOCA DO CORPO 'vagina'.

No LOMBO distinguimos: O REJO DO LOMBO ↳ A CANLE DO LOMBO, O FÍO DO LOMBO 'línea apófosis espinosa', ESPINASO 'espinazo', MIQLO DOS QOSOS 'médula', QOSOS DO LOMBELO 'cinco vértebras lumbares', ESPADILLA, PALETA OU PÁ 'omóplato', RABADILLA 'terminación del sacro', CHEREFA ↳ CHEPA 'joroba', LOMBUDO 'desgarbado, con los hombros muy metidos'. Dise moito: "Eslombado polo traballo" 'encorvado, cansado', SINTURA ↳ SINTA 'cintura', CADRÍS 'región lumbar', CADRIL ↳ CADEIRA 'cadera'.

Máis abaixo dos cadrís quedan: CACHAS 'nalgas', REJO DO CÚ ↳ CÚ 'culo', CUXAS ↳ MULROS 'muslos', POLPA 'carne (das cuxas)', DOBLEJA DA PERNA 'cara posterior de la rodilla', PERNAS 'piernas', A BOLA DA RODILLA 'la rótula', CANEŁAS tibias (levar unha *canelada*, 'golpe en la tibia'), PAPO DA PERNA 'pan-torrilla', TUDILLOS ↳ TUBILLOS 'tobillos', PÉS 'pies', CRÚS DO PÉ 'empeine', TOUSELO 'tacón', LAJARTO DO PÉ 'tendón de Aquiles', JARJA DO PÉ 'arco plantar'.

Según sexa de feitura e estatura dise que é: PERNASTORTAS 'patizambo', TRENCO 'que pisa en el borde interno del pie', PATEÑO 'pie plano', PATQLAS 'pierna corta', LONCO 'piernas muy largas', PEQUENO 'bajo de estatura', MA-NEIRO 'mediano', COXO 'cojo'.

Pódese andar: DREITO, ENCOLLIDO, ESCADRILLADO (si se levóu un golpe nun cadril), DERREADO 'derengado', "cando doen os cadrís", VARADO 'tieso', ANÑADO OU ENCREQUENADO 'en cuclillas', ENTEIGADO 'encogido, sin poder moverse'.

No BRASO hai as seguintes partes: DEBAIXO DO BRASO 'axila', COLA DO BRASO 'parte anterior del codo', CÓBADO 'codo', PULSO 'muñeca', MAN 'mano', UNLLAS 'uña', COTELOS 'nudillos'. Os nomes que os rapaces lles dan ós dedos son, empezando polo pequeno: MENIÑO, SOBRINO OU PADRIÑO, MAIOR DE TODOS, FURABOLOS e CATA ↳ MATA PIOLLOS.

No que se refira á man e ó brazo, o home pode ser: COTO 'sin unha man', MANCO 'sin un brazo', MAINIÑO 'cun hombro máis baixo ca outro', ES-QUERDEIRO 'zurdo'.

En relación cos brazos atópanse expresións como: BRASOS ABALADOS 'sin forza', TORARSE OS BRASOS 'té-los brazos cansos, partidos polo traballo'.

Hai unha serie de eufemismos pra falar da esoneración do corpo: VERTER AJUAS 'orinar', ANDAR OU IR POR FORA ↷ FACER OS SEUS FEITOS ↷ FACER OS SEUS MANDADOS ↷ FACER DE CORPO ↷ IR Á CORTE 'defecar, cagar'.

En relación ca PÊL poden aparecer distintas enfermidades ou particularidades que se conocen cos nomes de: ALDROJA OU RONCHA 'habón de urticaria', BQCHA ↷ BQSA 'ampolla con agüilla', BOCHO 'ampolla con pus' (pus: MATERIA ↷ BORMO), BUSTELA 'postilla', CARAFUNCHO 'furúnculo', CARROCHA 'costra que se cría en las llagas', COMECHUME 'sarna', COTRA 'suciedad', "morríña que se forma na pel de non se lavar acotío"; CRESENSAS ↷ MEDRANSAS ↷ GRAN DE SANCRE CATIVO 'adenitis, infarto ganglionar', EMPINXA ↷ ESPINXA 'herpes simple' (cúrase aplicándolle un pouco de cocemento dos porcos. Os rapaces cantan: "Espinxa, espinxa, vaíte de ahí, que porcos e porcas mamaron en tí"), ESPUNLLA 'verruca', FOGAXE 'quemazón, ardor', LABRARSE 'aparecer intertrigo', LAMPARÓNS 'cresensas ulceradas', LASTRA 'llaga', LIXO 'muguet (regañas e lañaduras na boca)', MEDRANSAS 'cresensas', PANO 'cloasma, manchas en la piel que aparecen a algunas mujeres embarazadas', REFOLDURA 'erosión en la piel', REVENTAR O FÍJADO 'aparecer placas de leucodermia', RONCHA ↷ ALDROJA 'habón de urticaria', RONSA DURA 'roce', VEXIJAS 'viruela', VEXIJAS BOBAS OU LABERCAS 'varicela', XARAPULLO 'sarpullido'.

Unha persoa de cara CACARAÑADA OU MARCADA é á que lle quedaron as *marcas* das vexigas.

A pel pode estar COLORADA, VIDRADA OU ENVERNESIDA, asegún progrese no grado de inflamación.

Dise de alguén que quedou ALBO, cando *tornóu branco* por calquera cousa.

Polo que se refire ás CONXUNTAS (cast. 'articulaciones') e ás CORDAS ↷ CORDIÑAS (cast. 'tendones'), atopamos: ABERTURA, MAN ABERTA 'distensión ligamentosa', BREÇA 'calambre', DESPIARSE (↷SAIR DA PÍA) 'producirse una luxación de cadera o de hombro', QSO DESCOMPQSTO 'desarticulado, fuera de su sitio', RELAI XADURA ↷ MAN RELAI XADA 'distensión, esguince', RESINTIDURA 'distensión ligamentosa', NON TER MANEO 'faltar el juego de las articulaciones', NON TER SIRAS NAS MANS 'no tener tientos', ESCORDADA ↷ ESFOR SADA ↷ ESTOU CADA 'distorsión en cualquiera de las articulaciones'. Pra remediá-las *escordaduras*, acúdesse a unha muller que tivera un parto xemelar. Ponse a parte ferida (o pescozo, poño por caso), no chan, e a muller *afincada* nun pau, e cun pé enriba da escordadura, ten que repetir estas palabras:

*Por onde estoucastes
por onde enxamiastes,
tanto dura a túa estoucadura
coma a miña enxamiadura.*

Unha vez rematadas, salta prá outra banda facendo forza co pé que ten *fincado* na estoucadura, e así hastra nove veces.

En relación co sentido temos: ANDAR ATORDADO 'atontado, mareado', DAR UN TORDA 'dar un vahido', ANDAR ÓS LÓS, DELÓS 'andar en zig-zag', DAR UN LÓ, DELÓ 'dar un desvanecimiento', VAGUEAR O SENTIDO 'padecer insomnio', ESTAR TROCHO OU MUCHO 'estar cansado, flojo, marchito'.

Antre o que podíamos chamar síntomas das distintas enfermidades, atopamos: ABADENTO ↖ ABOJOSO ↖ APETESIDO 'propenso', AJUAS DE ENRIBA DO CORASÓN ↖ MASENLAS 'hipersecreción gástrica', ASÍA ↖ AJUAS QUEIMONAS 'acidez de estómago', ARRUCHAMENTOS 'espasmos gástricos', o COLCA 'el cólico', EMPIOS 'espasmos esofágicos', ESCUPLO 'repugnancia', FLATO 'punto doloroso', IBADAS: TER IBADAS 'tener vueltas', LASTRAS 'vómitos con restos alimenticios', LATEADUIRO 'palpitaciones aceleradas', MASENLAS ↖ AJUAS DE ENRIBA DO CORASÓN 'hipersecreción gástrica', REVIRACIÓN 'vértigo', ROIMENTOS 'hipercloridia', HEDRAS 'varices', FONTE 'úlceras varicosas', MÁL DE S. LÁSARO 'lepra', MAL DA JOTA OU DO JODALLO 'epilepsia' (posiblemente relacionado coas creencias das xuntanzas das bruxas presididas polo Godallo), PAPEIRA 'bocio', PAPEIRAS 'parotiditis', TRISA 'ictericia', XARAMPÓN 'sarampión', CATARRO MORNAQUEIRO 'carraspeira leve', JUMIEIRA 'opresión torácica', RASQUIO 'picazón de garganta', RONQUEMIA 'afonía', ROUCO 'ronco', BAIXAR ↖ PISAR ↖ DESJAXAR 'adelgazar', ESPASALLAR 'mejorar de una enfermedad', ANDAR (A)BAIXADA 'tener la menstruación', BAIXARSE CON 'detenerse, tener miramientos'; 'reconocer (el médico) con detenimiento'.

A F L O R A

ABROTA 'gamón, asfódelo' (Merino, III, p. 6), ABRUÑEIRO ↖ ABRUÑO 'Prunus domestica' (Merino, III, p. 543), ALCIPRÉS 'Cupressus sempervivens' (Merino, III, p. 534), AMEIXEIRO ↖ AMEIXA 'Prunus spinosa' (Merino, III, p. 543), AMENEIRO ↖ ABENEIRO 'Alnus glutinosa' (Merino, II, p. 611), ASENTES 'Artemisia absinthium' (Merino, III, p. 596). Cando os rapaces teñen lombrigas pónselles un ramo de asentes no peito pra que lles sallan coa olore, AVEA 'Avena sativa' (Merino, III, 297), AVELÁN 'Corylus avellana' (Merino, II, p. 600), BARBAS DE RAPOSO 'Cuscuta epithimum' (Merino, III, p. 578), BIEITEIRO 'Sambucus nigra', BIMBIO 'Salix viminalis' (Merino II, p. 617), BREVEIRA ↖ BREVA 'brevera', BUXO 'Buxus sempervirens' (Merino, II, p. 540), CANA 'caña', CANA DE CULEBRA 'Conium maculatum', cast. 'cicutá' (Merino, I, p. 594), CARAMIÑAS 'Ribes rubrum' (?) (Merino, I, p. 532), CARBALLO 'Quercus pedunculata' (Merino, II, p. 602), CARBALLO CERQUEÑO 'Quercus toza' (Merino, II, p. 601), CARRASCA 'brezo', CASTIÑEIRO 'Castanea vulgaris' (Merino, II, p. 607), COCO ↖ POTĒFA 'calabaza', CONCHELOS 'ombligo de Venus', CORTISEIRA 'alcornoque', CREGOS 'flor de la abrota', CHÍCHAROS 'guisantes', CHUCHAMÈLES 'Lanium amplexicaule' (Merino, II, p. 204), CODESO 'citisó', de la familia de las leguminéceas (Merino, I, p. 306), CRISTA 'planta non identificada'. Ten cana avermellada e froito branco. Chega a ter metro e medio. Ruíña pra cultivos e animais, CHOPO 'planta mal identificada'. É de follas moi grandes, usadas ás veces pra facer emplastos, DENTESIL 'Osmunda regalis' (?). Especie de *fielta* que se usa pra curar mazaduras, ESJANABÓIS 'planta non identificada', ESPADANA 'Iris pseudo-carus', cast. 'lirio amarillo' (Merino, III, p. 145), ESPÍÑO 'Prunus insititia' (Merino, I, p. 416), ESTALQTES 'Digitalis purpurea' (Merino, III, p. 573), FATOEIRO ↖ FATÓN 'clase de ciruelo', FIEITA 'Pteris aquilina' (Merino, III, p. 457), FIEITA ARNAL 'Blachnon spicante' (?) (Merino, III, p. 486), FEO non identificada. Planta semellante ó xunco; non a come o gando, FIGUEIRA 'higuera', FIUNCHO 'Foeniculum capillaceum' (Merino, I, p. 588), GRA-

MA 'planta parásita, da familia das gramináceas'. As raíces engerelladas que bota, fan difícil traballá-la terra, HERBA ABELLEIRA 'Melissa officinalis' (Merino, II, p. 200). Úsase pra fregá-los cortizos porque o seu recendo atrae os enxames, HERBA CARRISA 'herba moi dura e de follas picudas', HERBA DONA 'Corydalis claviculata' (?); 'Fumaria agraria' (?) (Merino, III, 508-9), HERBA-LUISA 'hierbaluisa', HERBA TRIGA 'Poa pratensis' (?) (Merino, III, 337). Cando está madura *ripaselle* a semente e lévase a vender á feira, HEDRA 'Hedera helix' (Merino, I, p. 542), LABASAS 'Rumex pulcher' (Merino, II, p. 547), LÁGRIMAS DE SAN JOSÉ 'tembladera', 'Briza maxima', LARANXEIRO 'naranjo', LEITERENAS 'Euphorbia helioscopia' (?) (Merino, II, p. 528), LEITUGA 'lechuga común'; 'Lactuca scariola', cast. 'lechuga silvestre' (Merino, II, p. 470), LIMOEIRO 'limonero', LINCUA DE OVELLA, non identificada, LOUREIRO REAL 'Prunus lauroceratus', cast. 'laurel real' (Merino, I, p. 418), LOUREIRO 'Laurus nobilis' (Merino, II, p. 522), MALVÓN 'malva real', MALVA DE OLOR 'Glechoma hederacea' (Merino, II, p. 202), cast. 'hiedra terrestre', MARUXA \curvearrowright MERUXA 'Stelaria agraria' (?) (Merino, I, p. 232), cast. 'hierba pajarera, pamplina de los canarios'; 'Fumaria agraria' (?) (Merino, III, p. 508), MASÁN 'manzana', MASANSEIRA 'manzano', MEXACÁNS 'brusco', MILLÁA \curvearrowright MILLAIA os dicionarios de Valladares e de Rodríguez rexistrana como 'Digitaria sanguinalis'. Prefiro a definición de Merino (III, p. 310) de 'Cynodon dactylon', NADANTES 'planta acuática que bota unhas follas que aboian na tona da auga. Colócanse nas feridas como hemostáticas, NABALES 'nabos', NÉBODA 'Clinopodium nepeta' (Merino, II, p. 198). Dá moi bon gusto ás castañas cocéndoia na mesma auga, OUREGO 'Origanum virens' (Merino, III, p. 581), OUIROPÉS 'Pubilaria bicolor' (Merino, III, p. 9), cast. 'anterior', ORXO 'cebada', PALIETARIA 'planta que se usa como diurética', PAMPILLO 'Coleostephus myconis' (Merino, II, 385), PAPAS LÉVADAS 'planta de folla miuda, de folla dentada, que se pon nas feridas como hemostática', PEXEGUEIRO 'Persicavulgaris' (Merino, I, 414), PINO 'Pinus silvestris', PINO MANSO 'Pinus pinea' (Merino, III, p. 430), POTEFAS 'Cocos', POXEIRO 'frito do pexegueiro', PREXEL 'Petroselinum sativum' (Merino, I, p. 605), ROMÉU 'Rosmarinus officinalis' (Merino, II, p. 185), SANQUIÑO 'Rhamnus frangula' (Merino, I, p. 300), SARAMAGO 'Raphanus silvestris' (Merino, I, p. 103), cast. 'jaramago', SERDEIRA 'cerezo bravo', SEREIXEIRA 'Prunus avium' (Merino, I, p. 418), cast. 'cerezo', SEROLEIRO 'Prunus domestica' (Merino, I, p. 416), cast. 'ciruelo', SEROLO 'ciruela', SERNADÉLA 'pie de pájaro', SILVA 'zarza', SILVEIRA 'zarza'; zarzal', TOXO 'Ulex europaeus' (Merino, I, p. 399), TOXO GATEÑO 'Unlex nanus' (Merino, I, p. 402), TRÉBO 'trébol', TROBISCO 'Daphne gnidium' (Merino, II, p. 516), URCE 'Erica arborea' (Merino, II, p. 257), XARXA 'salvia', XESTA 'Sarothamus scoparius' (Merino, I, p. 405), XIBALBEIRO 'Ruscus aculeatus' (Merino, III, p. 40), XOIO 'Lillium peremne' (Merino, III, p. 392), XUNCO 'junco'.

OUTRAS VERBAS

- ABADUAR, hablar mucho y sin sentido. Vid. *badueiro*.
- ABANDEXAR, mover, *abanear* a una persona. Vid. *sansenicar*.
- ABANEAR, mover con fuerza, referido sobre todo a árboles.
- ABATATARSE, atolondrarse: "Non me berre que me abatato".
- ABATERSE, poner en tierra, caer; agacharse: "Co temporal abatiuse o teito todo"; "Abátete rapás, pra que non te vexan".
- ABATICAR, golpear: "Está abatido de traballo"; "O vento abaticou o millo"; "Esa porta estáse abaticando".
- ABOFÉ, de veras.
- ABOMBEADO, atontado.
- ACALENTAR, acoger, acallar a un niño.
- ACANTILAR, machihembrar madera.
- A CARRANCHA PERNAS, a horcajadas.
- ACESO (aseso), encendido, colorado. Referido a la luz, al fuego y a personas.
- ACHINAR/ATINAR, hacer blanco, hacer diana; acertar.
- ACHONADO, atontado; estar *chono*.
- ACIBECHES (asibeche), azabache: "É negro coma asibeche".
- ACOMEDAR, dar de comer al ganado.
- ACORAR, ahogar de calor, o de mucha ropa.
- ACORDAR/RECORDAR, recobrar el sentido, despertar: "C a n d o recordéi, eran xa as 8 da mañán".
- ACOUGAR, estar quieto, tranquilo.
- ACUGULAR, colmar, llenar hasta los topes.
- ADIAR, fijar fecha para hacer un trabajo; repartir algo por días: "O muño está adiado".
- ADOBESER, *r a b i a r*, desesperar: "Adobeso por marchar", "Estón adobesido de fame".
- AFAMADO, hambriento. *Famento*, con fame.
- AFINCAR, hacer fuerza en el suelo con un pie o con una mano.
- AGAÑAPAR, arrebatar.
- AGARRAR CON, intentar violar: "Agarróu con ela". *Esforsar*.
- AGATUMARSE, acostarse como un gato; arrastrarse por el suelo.
- AGOCHAR, esconder.
- AGOCHO, escondite. "*Xogar ós agochiños*", jugar al escondite.
- AGOIRO/AGOIRENTO, que molesta diciendo o pidiendo algo insistentemente.
- AGRELADO, cuidado, presumido, en la expresión: *Anda todo agrelado*.
- AGRELAR, brotar, *afillar*: "Dise dunha rapaza que está agrelando, cando empeza a saír con mozos. Unha galiña está agrelada, cando ten a crista mui encarnada antes de poñer".
- AGRUAR, *aturuxar*.

AGRUO, *aturuxo*.

AGÜEIRO, agujero en la pared para meter o tapar la entrada del agua en una *leira*. *Repolo de agüeiro*, el mejor, que nace en el agua; se dice de una persona presumida, muy arreglada: "Éche coma un repolo de agüeiro".

AGUILLADA, vara delgada y recta con un clavo en un extremo para picar a las vacas.

AGÜIRARSE, abatirse, deprimirse. Dícese de una persona enferma.

AGULLETAR / AGOLLETAR, atar el calzado. *Desagolletar*: "O millo está todo agolletado": *cativo, mucho, que non medróu*.

AIRE, viento; *dar un aire*, sufrir hemiplejía, parálisis; *ter o aire*, padecer deshidratación, anemia: "Cóllese nos enterros ou nos *velorios*. Hai distintas maneiras de sacalo; unha delas é facendo un fume na porta da casa e pasando por el antes de entrar. Outra é acudindo a un cruse de catro camiños; teñen que ir ca persona que padesa o mal, tres mulleres que se chamen María. Unha ves alí repiten estas palabras:

*Defuntiños todos,
dádelle o aire de vivos,
que o de vivos dá respiro
e o de mortos dá conforto,
dádello pronto,
dádello xa.*

que hai muito tempo que o [tendes alá.

Ca axuda de Dios e da Virxe María, bótalle un Padrenuestro e un Avemaría.

O máis bravo de tódolos aires, o que máis tarda en sair, é o *enramilletado*. Pra este hai que ir ó sementerio, e sácase con sustos. Cando é un rapás pequeno o que o padesse, ensérrase nunha artesa, penéiraselle borralla por riba, e despóis asústase dende fóra petándolle golpes".

ALABADISO, vanidoso, que se alaba; presumido.

ALARGAR O DÍA, escampar.

ALBEITAR, limpiar un *arro*.

Vid. *arroar*.

(ALBOIO), finca cerrada, buena.

ALFERGA, dedal abierto, sin cabeza.

ALIBRAR, terminar pronto un trabajo.

(ALMAIO/ALMALLO), toro semental.

ALOUMIÑAR, acariciar, mimar.

ALPORCAR, acodar una planta.

Emporcar.

ALSADEIRO, vasar.

ALTAREARSE, alterarse.

AMAGOAR, lastimar el calzado.

AMANESER, aparecer: "Antonte amanesíu fulano sancrando por unha orella"; "Amaneséronme unhas feridas nesta man".

AMATAS, heridas producidas por el roce que tienen algunos

- caballos en el lomo: "As penas non matan, pero *amantan*". (Refrán).
- AMENDAR, remendar.
- AMENDO, remiendo.
- AMOADO, pasta para hacer *follados*, filloas, etc. Cualquier tipo de masa, excepto la del pan. También *amoado* de morcillas.
- AMOLESER, reblandecer, ablandar: "Cando ún fai un traballo que xa estuvo intentando outro, este dille: Oh!, desque está *amolesido* pola baba da vella...".
- AMORTUXAR, estar con pocos ánimos, adormecido; apagarse el fuego.
- AMOCHAR(SE), adormecer(se).
- AMOUREAR, AMOUREADO, adormecido: "Cando paséi estaba o lugar todo *amoureado*".
- ANACO, trozo, pedazo.
- ANADA, cosecha de un año.
- ANDASO, epidemia.
- ANEGAR, inundar.
- ANIÑAR(SE), poner(se) en cuclillas, agachar(se).
- ANQVAR, cultivar el terreno por primera vez.
- ANTREMENTRES, mientras tanto.
- APALPADAS: *Ás apalpadas*, a tientas.
- APALPADEIRA, manoseo.
- APETESIDO, propenso.
- APINAR, OPINAR, levantar el carro con la lanza hacia arriba.
- APOUSAR, posar, poner en el suelo.
- APOUTAR, agarrar con las dos manos. *Poutada*.
- APOUVIGAR, sosegar, tranquilizar: "Apouvida, rapás!".
- Aprechos*, aparejos.
- APURRAR, azuzar.
- (A)RABUÑAR, arañar.
- ARCADAS, náuseas, ganas de vomitar.
- AREEIRO, lugar donde hay mucha arena fluvial de arrastre.
- ARGALLAR, hacer planes fantásticos.
- ARGALLEIRO, fantástico, referido a personas.
- ARNAL, *lagarto arnal*, lagarto grande y de colores vivos; *feita arnal*, helecho que crece donde hay agua (*Blechnum Spicant?*); *espiña arnal*, espinilla.
- ARRANSUADO, remolón, que se queda atrás.
- ARRASTRAS, ARRASTRO, arrastrado.
- ARRAUTADA, arranque, arrebatado, pronto de genio.
- ARRECHICO, a caballo del pesquezo.
- ARREDAR, apartar, en expresiones como: "Dios nos arrede", etcétera.
- ARRENDAR, dar la segunda sachadura al maíz.
- ARRENDO, segunda sachadura que se da al maíz: "O arrendo, dállo correndo". (Refr.).
- ARRENTES, a cercén, hasta abajo: "Apañéi a herba arrentes do chan".

ARREO, todo seguido, sin escoger: "Levar un traballo arreo"; "Colle as patacas arreo, non as andes escollendo".

ARREQUENTAR, aumentar, acrecentar. Referido sobre todo a la harina, cuando, de molida, aumenta más que el grano: "Qué tal arrequentóu esta farinha".

ARRESENDER, oler bien.

(ARRESIDO), adormecido, sin ruido: "Lugar arresido".

ARRETAR, corregir, reprender, educar: "Eses rapases non están nada arretados".

ARRINCAR, arrancar.

ARRISCADO, arriesgado.

ARRISCAR(SE), arriesgar(se).

ARRITACIÓN, agitación.

ARRÓ, ribazo.

ARROAR, limpiar *arrós*. Vid. *rozar*, *albeitar*.

ARRITÓ, cólera: Dóulle un arritó.

ARROFIAR, enfriar.

ARROTAR, eructar. *Botar rotos*.

ARRUEIRO, conjunto formado por la casa con la huerta, el hórreo, la *cañeira*, *cabanel*...

ARRUMBAR, amontonar, colocar: "Arrumba ben pra que colla todo".

ARRUSADA, bravuconada, atrevimiento, osadía.

ASAÑARSE, intranquilizarse, inquietarse, incomodarse: "Dígame o que pasóu que non me a sa ño nada, asáñome máis si non mo di"; os paxa-

riños si teñen ovos no niño, e alguén lles toca, asáñanse e non volven. Un frutal novo, si se lle colle a fruta antes de tempo, asáñase e non volvedar máis, etc.

ASEGUNDAR, rematar; repetir.

ASENTAR, inscribir a un niño en el Registro Civil.

ASEXAR, acechar, espiar.

ASEXO, acecho.

ASOMELLARSE, parecerse. *Tirarse*.

ASOROÑAR, hacerse el remolón o el disimulado cuando conviene, para escuchar una conversación, etc.

ASUBIAR, silvar.

(A)SUCRE, azúcar.

ATAFEGAR, ahogar: "Atafega ese lume", "Atafegado de tanta roupa". Vid. *acorar*. "Atafegar un conto", cando non convén que se sepa algo.

ATAPULLAR, tapar o disfrazar una cosa para que no se sepa.

ATOÑAR(SE), adormecer, referido sólo a personas.

ATOPAR, encontrar.

ATRAPALLADO, con desorden, de una manera atropellada.

ATROXADOS, dos animales atados juntos, cabeza con cabeza.

ATRUXAR, aturdir: "Cala rapás que me atruxas".

ATURAR, soportar, aguantar.

AVEIRAR, cambiar una *leira* por otra que está al lado.

AXALDARSE, amoldarse, tener cuidado; *ser xeitosiño pra todo*.

- AXUGAR, buscar pareja a una vaca o a un buey: "Hai que axugar ese boi".
- BACOREXAR, hacer mal las cosas, suciamente.
- BACOREXEIRO, que *bacorexa*.
- BADUEIRO, que habla mucho y sin sentido. Vid. *abaduar*.
- BAFO, baho que sale de las cuerdas.
- BAGULLA, lágrima. *Esbagullar*.
- BAIXARSE, reconocer con deteni- miento; bajarse; *baixar*, adel- gazar, bajar.
- BALDE, recipiente de madera en el que se da de comer a las vacas.
- BALDEAR, barrer con agua.
- BALTRQTEIRA, mujer sucia y abandonada.
- BALUMADA, BALUME, esquilmo.
- BANDULLO, barriga, paquete in- testinal.
- BANZOS (bansos), largueros de apoyo de una escalera de ma- no. *Escadia*.
- BARALLANTE, que *baralla*.
- BARALLAR, hablar demasiado; ar- mar cuentos.
- BARBOS, hocicos.
Bardantes (de), a excepción de: "Bardantes de lúns, podo vir calquera día"; "Bardantes da salla, tódalas outras prendas son miñas".
- (BARDAR), apartarse, separarse: "Bardou a besta do camiño e tirou conmigo".
- BARRENAR, tener una idea fija, darle vueltas a una cosa. *Ma- tinar. Ter unha sisma*.
- BARRENO, idea fija que da vuel- tas en la cabeza.
- BARRER, barrer; *barrerse a vis- ta*, quedar sin vista por un mareo; *a barrer*, en abun- dancia.
- BARRO, enfermedad en el centro del tronco del pino; barro.
- BASO, uña del caballo.
- BATALLADA, campanada.
- BATALLÓN, badajo de la cam- pana.
- BATIFUNDO, alboroto de riña.
- BEIRAS: *Facerlle as beiras a*, ha- cer la rosca, hacer el cuento.
- BELAÍÑA, mariposa pequeña.
- BERRAR, reñir, gritar.
- BERSE, cuna.
